

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE XUÑO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE DIEGO CALVO POUSO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Sistema público de saúde de Galicia para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural do patrimonio inmaterial a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Cariño para a realización das obras de acondicionamento do pavillón polideportivo municipal, cun investimento de douscentos trinta e sete mil catrocentos dezaseis euros con trinta e sete céntimos (237.416,37 €).
- Acordo polo que se toma razón da resolución da convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para 2025.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright para o curso 2025/2026, por un importe total de cincocentos cincuenta e sete mil novecientos vinte e oito euros (557.928,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos á conta e a exención de presentación de garantías polo importe dos pagamentos á conta establecidos na Orde da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025, por un importe total de dous millóns seiscentos vinte e cinco mil euros (2.625.000,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Down Galicia e as súas entidades federadas, Asociación Síndrome de Down Teima de Ferrol, Asociación Síndrome de Down da Coruña, Fundación Down Compostela, Asociación Síndrome de Down de Lugo, Down Pontevedra Xuntos Asociación Síndrome de Down, Down Vigo: Asociación para el síndrome de Down e Asociación Down Ourense, para o financiamento do proxecto de aprendizaxe e inclusión sociolaboral no exercicio 2025. Importe: cento setenta mil catrocentos corenta euros con vinte céntimos (170.440,20 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á modernización tecnolóxica e dixital nas estacións de servizo de ámbito rural da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ao desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa seguridade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Cerdedo-Cotobade, para a execución das obras de recuperación de espazo para uso peonil no contorno da igrexa de Santa María de Sacos, por un importe de trescentos setenta e dous mil setecentos trinta e un euros con trinta céntimos (372.731,30 €).
- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de rehabilitación de 13 edificios, para un total de 26 vivendas de promoción pública (VPP), en Ferrol, Lugo e Mondoñedo, por lotes, cun orzamento de licitación de sete millóns novecentos oitenta e seis mil cento trinta e nove euros con sesenta e sete céntimos (7.986.139,67 €), IVE incluído e un valor estimado de sete millóns douscentos sesenta mil cento vinte e seis euros con noventa e sete céntimos (7.260.126,97 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Redondela para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363. Treito: Redondela-praia de Cesantes, por un importe dun millón cincocentos noventa e catro mil setecentos trece euros con dez céntimos (1.594.713,10 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza ao Servizo Galego de Saúde a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, por un importe dun millón trescentos cincuenta mil euros (1.350.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do grao universitario en Enxeñaría Biomédica, por importe de cincocentos cincuenta e nove mil novecientos sesenta e catro euros con dezaseis céntimos (559.964,16 €).
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2025 ao 30.6.2026, por un importe de novecientos vinte e tres mil oitocentos oitenta e tres mil euros con sesenta céntimos (923.883,60 €).
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, publicado pola Orde do 18 de xuño de 2001, subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2025 ao 30.6.2026, por importe total de catro millóns trescentos oitenta e dous mil seiscentos setenta e seis euros con noventa e cinco céntimos (4.382.676,95 €).
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2025 ao 30.6.2026, por importe de cento vinte e sete mil cincocentos corenta e cinco euros con oitenta e cinco céntimos (127.545,85 €).
- Acordo polo que se aproba o plan extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal sanitario durante o período estival 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de material consumible de cirurxía cardíaca con destino a distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, cun importe estimado de dous millóns trescentos sesenta e seis mil seiscientos cincuenta e un euros con dez céntimos (2.366.651,10 €) IVE incluído, e un valor estimado de catro millóns trescentos tres mil dous euros, sen IVE (4.303.002,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades da Cátedra Institucional Otero Pedrayo da Universidade de Santiago de Compostela, por un importe total de quince mil euros (15.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades da Cátedra Institucional Castelao da Universidade de Santiago de Compostela, por un importe total de quince mil euros (15.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades da Cátedra Institucional Carvalho Calero da Universidade de Santiago de Compostela, por un importe total de quince mil euros (15.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de actividades da Cátedra Institucional Rosalía de Castro da Universidade de Santiago de Compostela, por un importe total de quince mil euros (15.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e as organizacións sindicais e empresarial no marco do Plan de actuación integral (PAI) As Pontes de García Rodríguez-Meirama cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027, por importe dun millón cincocentos oito mil novecentos corenta e dous euros con trinta e dous céntimos (1.508.942,32 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da execución do plan de formación ao agro galego no marco da convocatoria da anualidade 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón do pagamento das axudas agroambientais da política agraria común (PAC).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da aprobación da norma técnica das conservas artesás de peixes e mariscos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas–Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para a realización do proxecto Proliferacións de fitoplancto tóxico nos bancos marisqueiros do interior da ría de Pontevedra: entender o presente e prever o futuro (Planctox), para o período 2025-2027, por importe de douscentos cinco mil douscentos quince euros con cincuenta e catro céntimos (205.215,54 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o resultado da metodoloxía para a elaboración de mapas de calor e localización de refuxios climáticos para a biodiversidade e promoción de contornas sustentables.
- Informe sobre as actuacións da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para a posta en valor de humidais nas catro provincias galegas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright para o curso 2025/26.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o inicio do proceso orzamentario para o ano 2026.
- Informe sobre a evolución do desenvolvemento e implantación da Plataforma dixital agroforestal de Galicia (Proxecto PDAGRO).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: Senda peonil na AC-862 p.q. 52+280 a 52+780. Ortigueira, cun investimento de trescentos corenta e nove mil douscentos sete euros con cincuenta e dous céntimos (349.207,52 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a orde de contratación de persoal técnico de orientación laboral no ano 2025

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a execución do Plan camiña rural 2025-2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA 2025, CON 3.460 PRAZAS

- As prazas distribuiranse en 1.340 de persoal diplomado sanitario, 271 de licenciado sanitario, 1.124 de formación profesional e outras 725 destinadas ao persoal de xestión e servizos
- Do total de prazas ofertadas, 179 estarán reservadas á quenda de discapacidade xeral e outras 71 á quenda de discapacidade intelectual
- A Xunta aplicará, con carácter excepcional, a taxa adicional de reposición específica prevista na lexislación para favorecer a estabilidade do persoal estatutario e reducir a súa temporalidade

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa xuntanza semanal, a oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde para o ano 2025. Esta nova convocatoria acadará as 3.460 prazas, tras decidirse unha ampliación de máis de 2.000 prazas ás inicialmente previstas.

Con carácter xeral, a taxa de reposición acada o 120 %, por ser o do persoal sanitario un sector prioritario. Desta vez, e co obxectivo de reducir a temporalidade do persoal dos centros sanitarios galegos, a Xunta aplicará, con carácter excepcional, a taxa adicional de reposición específica prevista na lexislación. Así, a oferta pasa das 1.460 prazas iniciais ás 3.640 finalmente previstas.

Do total de prazas ofertadas, 179 estarán reservadas á quenda de discapacidade xeral e outras 71 á quenda de discapacidade intelectual.

De acordo coa súa distribución por estamentos, a OPE do Servizo Galego de Saúde en 2025 contará con 1.340 prazas para as categorías de persoal diplomado sanitario, 271 para licenciados sanitarios, 1.124 para o persoal sanitario de formación profesional e outras 725 para o persoal de xestión e servizos.

Máis polo miúdo, no caso do persoal diplomado sanitario destaca a oferta de 1.162 prazas de enfermaría, ás cales se engaden outras 109 de persoal de enfermaría especializada, ou as 45 de dietista-nutricionista.

No caso dos licenciados sanitarios, a categoría que contará cunha maior oferta será a de médico de urxencias hospitalarias (48), a de facultativo especialista en anestesioloxía e reanimación (25) e a de facultativo especialista en psicoloxía clínica (17).

No que atinxe ao persoal sanitario de formación profesional, a categoría de técnico en coidados auxiliares de enfermaría disporá de 975 prazas, a de técnico superior en imaxe para diagnóstico de 60, e a de técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico doutras 60.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, respecto das categorías que conforman o grupo de xestión e servizos, celador con 198 prazas, persoal de servizos xerais (185) e o grupo auxiliar da función administrativa (130) serán nas que se oferte un maior número de prazas.

Esta nova oferta, composta por 3.460 prazas, engádese ás pendentes de convocar de decretos anteriores, posibilitando a convocatoria de novos procesos selectivos en que se incluírán un total de 5.550 prazas de persoal estatutario do sistema sanitario público de Galicia.

ANEXO DE PRAZAS OPE SERGAS 2025

Categoría	Prazas ofertadas	Disc. xeral	Disc. Intel.	Total
Dietista-nutricionista	45	3		
Enfermeiro/a	1.162	81		
Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo	3	0		
Enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria	40	3		
Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica	10	1		1.340
Enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a)	55	4		
Enfermeiro/a especialista en saúde mental	1	0		
Fisioterapeuta	12	1		
Logopeda	4	0		
Terapeuta ocupacional	8	0		
Facultativo/a especialista de atención primaria	0	0		
Facultativo/a especialista en alergoloxía	1	0		
Facultativo/a especialista en análises clínicas	7	0		
Facultativo/a especialista en anatomía patolóxica	7	0		
Facultativo/a especialista en anestesioloxía e reanimación	25	2		
Facultativo/a especialista en anxioloxía e cirurxía vascular	2	0		
Facultativo/a especialista en aparello dixestivo	18	1		
Facultativo/a especialista en bioquímica clínica	0	0		
Facultativo/a especialista en cardioloxía	13	1		
Facultativo/a especialista en cirurxía cardiovascular	5	0		
Facultativo/a especialista en cirurxía oral e maxilofacial	0	0		
Facultativo/a especialista en cirurxía ortopédica e traumatoloxía	1	0		
Facultativo/a especialista en cirurxía pediátrica	1	0		
Facultativo/a especialista en cirurxía plástica, estética e reparadora	3	0		
Facultativo/a especialista en cirurxía torácica	1	0		
Facultativo/a especialista en cirurxía xeral e aparello dixestivo	2	0		
Facultativo/a especialista en dermatoloxía médico-	7	0		

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cirúrxica e venereoloxía			
Facultativo/a especialista en endocrinoloxía e nutrición	0	0	
Facultativo/a especialista en farmacia hospitalaria	6	0	
Facultativo/a especialista en farmacoloxía clínica	0	0	
Facultativo/a especialista en hematoloxía e hemoterapia	8	0	
Facultativo/a especialista en inmunoloxía	0	0	
Facultativo/a especialista en medicina do traballo	1	0	
Facultativo/a especialista en medicina física e rehabilitación	4	0	271
Facultativo/a especialista en medicina intensiva	4	0	
Facultativo/a especialista en medicina interna	0	0	
Facultativo/a especialista en medicina nuclear	3	0	
Facultativo/a especialista en medicina preventiva e saúde pública	3	0	
Facultativo/a especialista en microbioloxía e parasitoloxía	8	0	
Facultativo/a especialista en nefroloxía	6	0	
Facultativo/a especialista en neurocirurxía	1	0	
Facultativo/a especialista en neurofisioloxía clínica	2	0	
Facultativo/a especialista en neuroloxía	0	0	
Facultativo/a especialista en obstetricia e xinecoloxía	8	0	
Facultativo/a especialista en oftalmoloxía	1	0	
Facultativo/a especialista en oncoloxía médica	3	0	
Facultativo/a especialista en oncoloxía radioterápica	0	0	
Facultativo/a especialista en otorrinolaringoloxía	8	0	
Facultativo/a especialista en pediatría e as súas áreas específicas	10	1	
Facultativo/a especialista en pneumoloxía	5	0	
Facultativo/a especialista en psicoloxía clínica	17	1	
Facultativo/a especialista en psiquiatría	3	0	
Facultativo/a especialista en radiodiagnóstico	4	0	
Facultativo/a especialista en radiofísica hospitalaria	0	0	
Facultativo/a especialista en reumatoloxía	4	0	
Facultativo/a especialista en uroloxía	3	0	
Facultativo/a especialista en xeriatria	0	0	
Facultativo/a xerarquizado medicina xeral	0	0	
Farmacéutico/a de atención primaria	0	0	
Médico/a asistencial 061	5	0	
Médico/a coordinador/a 061	0	0	
Médico/a de admisión e documentación clínica	5	0	
Médico/a de familia	0	0	
Médico/a de hospitalización a domicilio	1	0	
Médico/a de urxencias hospitalarias	48	3	
Médico/a xeral do CTG	5	0	
Odontólogo/a de atención primaria	0	0	
Pediatra de atención primaria	2	0	

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Técnico/a de saúde de atención primaria	0	0	
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría	975	40	30
Técnico/a en farmacia	25	3	3
Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía	0	0	
Técnico/a superior en dietética	0	0	
Técnico/a superior en documentación sanitaria	0	0	1.124
Técnico/a superior en hixiene bucodental	4	0	
Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico	60	4	
Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico	60	4	
Técnico/a superior en radioterapia	0	0	
Albanel	0	0	
Calefactor/a	7	0	
Carpinteiro/a	0	0	
Celador/a	198	10	15
Cociñeiro/a	10	1	
Conductor/a	10	1	
Costureiro/a	0	0	
Electricista	10	1	
Enxeñeiro/a superior biomédico	4	0	
Enxeñeiro/a técnico/a	2	0	
Fontaneiro/a	6	0	
Grupo administrativo da función administrativa	0	0	
Grupo auxiliar da función administrativa	130	3	8
Grupo de xestión da función administrativa	0	0	
Grupo técnico da función administrativa	5	0	
Lavandeiro/a	5	0	
Limpador/a	0	0	725
Mecánico/a	2	0	
Pasador/a de ferro	10	1	
Peón	0	0	
Perruqueiro/a	3	0	
Persoal de servizos xerais	185	4	10
Persoal técnico de grao medio en prevención de riscos laborais	0	0	
Persoal técnico superior	0	0	
Persoal técnico superior en prevención de riscos laborais	0	0	
Pinche	80	2	5
Pintor/a	0	0	
Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información	5	0	
Técnico/a grao medio	0	0	
Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información	9	0	
Técnico/a xestión de sistemas e tecnoloxías da información	9	0	

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Telefonista	15	1		
Traballador/a social	20	2		
Total	3.460	179	71	3.460

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DA OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA COMO BEN DE INTERESE CULTURAL

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, destaca o recoñecemento desta cerimonia na categoría de patrimonio inmaterial polo seu “valor sobranceiro”
- A consellería de Cultura, Lingua e Xuventude culmina así o procedemento iniciado en 2024 para un dos últimos expoñentes que evocan a existencia do Reino de Galicia
- Conta con informes favorables do Consello da Cultura Galega, o Museo do Pobo Galego, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e a Facultade de Humanidades
- Nas medidas para a súa protección e transmisión recoméndase incrementar as investigacións e poñela en valor por tratarse dun ritual e cerimonial únicas
- Este domingo, 29 de xuño, celebrarase xa en Lugo co máximo nivel de protección baixo a Lei de Patrimonio cultural

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que o Consello da Xunta aprobou o decreto que declara Ben de Interese Cultural a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao considerar acreditado “o seu valor sobranceiro” como patrimonio inmaterial do pobo galego, o que supón a aplicación do réxime de tutela da Lei de Patrimonio cultural e, polo tanto, o maior nivel de protección.

Calvo explicou que esta declaración chega tras recibir os informes favorables dos catro órganos aos que se lle solicitou: o Consello da Cultura Galega, o Museo do Pobo galego, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e a Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, no proceso de exposición pública para o seu recoñecemento non rexistrou ningunha alegación.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude culmina a tramitación iniciada en 2024 para darlle esta distinción a unha tradición que se celebra en Lugo desde hai máis de tres séculos de xeito ininterrompido, agás no ano 1809 por estar a cidade en poder dos franceses, reunindo a representantes das sete cidades do Antigo Reino de Galicia e das cinco dioceses galegas existentes.

O decreto recoñécelle a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ser un caso singular dentro da cultura e o patrimonio inmaterial da Comunidade ao expoñer de forma única unha tradición secular dos galegos e galegas, así como a evolución da súa unidade como pobo. Consecuentemente, coa súa declaración como Ben de Interese Cultural tense en conta que se está “ante unha celebración na que toda Galicia se ve representada”, xa que “se xunta a parte civil e a eclesiástica” nun só evento que supón ademais un dos últimos expoñentes deste histórico Reino.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tal e como explicou o conselleiro, a declaración BIC da Ofrenda trae aparelada “varias recomendacións para garantir a protección e transmisión desta cerimonia única”, destacando que se debe “incrementar o volume de investigacións e rexistrar e sistematizar os documentos relacionados co patrimonio”.

Marco histórico e espacial

Anualmente, o domingo seguinte ao Corpus Christi ten lugar en Lugo un acto institucional e relixioso no que participan os mandatarios das antigas capitais do Reino de Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela, Mondoñedo, Betanzos e Tui. Trátase da ofrenda ao Santísimo e a súa posterior procesión pola cidade, coa que se compre co voto solemne feito no ano 1669 —ante as dificultades económicas da Catedral de Santa María— de dotala dunha renda anual coa que iluminar o Altar Maior.

Desde 1925 ata os nosos días o rito da Ofrenda celébrase do mesmo xeito, nunha misa solemne na que participan por quendas rotatorias anuais os representantes municipais das sete cidades. Precisamente, no decreto recóllese como un aspecto subliñar que a Ofrenda abarca historicamente a toda Galicia, e non só a unha localidade concreta.

Ademais, tamén salienta que se adapta á perfección á definición que dá a Unesco para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial ao reflectir un uso ou expresión que un grupo de individuos recoñece como parte integrante do seu patrimonio cultural, transmitíndoo de xeración en xeración, sendo celebrada constantemente por unha comunidade, supoñendo unha interacción coa súa historia e difundindo un sentimento de identidade e continuidade.

Débese subliñar que se trata dunha tradición ligada á Catedral de Lugo, un ben incluído singularmente na declaración dos Camiños de Santiago do Norte de España, Patrimonio da Humanidade desde o ano 2015 polos seus extraordinarios valores artísticos, históricos e culturais, que mantén o privilexio papal da exhibición permanente do Santísimo Sacramento.

Calvo salientou que con esta declaración “xa son 788 os Bens de Interese Cultura en toda Galicia”. Deles 115 foron declarados desde a entrada en vigor da Lei de Patrimonio Cultural de 2016, unha cifra que reflicte o importante compromiso do Goberno por protexer, conservar e pór en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade.

Medidas de salvagarda

O decreto aprobado hoxe polo Goberno galego tamén recolle a conveniencia de proceder ao rexistro e sistematización de documentos relacionados con este patrimonio para poder ter unha comprensión máis eficaz e completa e garantir a súa preservación futura, á vez que pór en valor que se está ante un uso social, ritual, cerimonia e acto institucional únicas.

En todo caso, hai que salientar que existen investigacións publicadas sobre a manifestación inmaterial da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia cunha certa entidade, o que a converte nunha das ceremonias que máis estudos monográficos rexistrou na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DE CARIÑO PARA O ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL POR IMPORTE DE PRETO DE 240.000 EUROS

As obras que se van executar, que a Xunta sufragará no seu 80 %, consisten na reparación e acondicionamento de cuberta e da pista deportiva, ademais da substitución de portas e da realización de saídas de evacuación adaptadas á normativa actual

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Cariño para a realización das obras de acondicionamento do pavillón polideportivo municipal, cun investimento de preto de 240.000 euros (237.416,37 euros). Neste sentido, a Xunta de Galicia achegará o 80 % do investimento da actuación (189.933,10 euros) nas anualidades de 2025 e 2026, mentres que o concello coruñés fará o propio co 20 % restante (47.483,27 euros).

O pavillón polideportivo municipal de Cariño compatibiliza usos deportivos variados, como balonmán, baloncesto, fútbol sala, hóckey sobre patíns, voleibol, escalada ou tenis. Situado nas proximidades do CEIP, serve así mesmo como local para a práctica da materia de Educación Física aos alumnos do centro. Esta infraestrutura, datada dos anos 70, sufriu recentemente algunha entrada de auga pola cuberta que provocou danos na tarima de madeira da pista polideportiva. Así mesmo, as carpintarías interiores e os aparellos sanitarios precisan unha renovación. As obras que se van executar consisten principalmente na reparación e acondicionamento de cuberta e da pista deportiva, ademais da substitución de portas e da realización de saídas de evacuación adaptadas á normativa actual.

Cómpre salientar que, en 2024, a Xunta impulsou 400 actuacións en instalacións deportivas tanto de titularidade autonómica como municipal, cun orzamento global de 22 millóns de euros a través de axudas da Secretaría Xeral para o Deporte como de liñas específicas de apoio ás administracións locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DUN CENTO DE PROXECTOS RECIBIRÁN AXUDAS DA ORDE DE INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO IMPULSADA POLA XUNTA

- O Consello da Xunta informou hoxe da resolución desta convocatoria, dotada con 3,5M € para fomentar a creación e mellora de instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais
- A través destas subvencións levaranse a cabo melloras de accesibilidade e outras actuacións en edificios ou dependencias de titularidade municipal, a pavimentación de camiños, así como actuacións en prazas, parques, paseos, rúas ou redes de iluminación pública

O Consello da Xunta informou hoxe sobre os proxectos presentados polos concellos galegos que resultaron beneficiarios das axudas da Orde de infraestruturas de uso público. Segundo o documento, 103 actuacións recibirán subvencións ao abeiro desta liña de apoio dotada con 3,5 millóns de euros e destinada á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais.

A maior parte das entidades beneficiarias sitúanse na provincia da Coruña, cun total de 34, seguidas das 28 de Ourense, das 23 de Lugo e, por último, as 18 de Pontevedra. Na súa maioría son actuacións presentadas de maneira individual, agás 14 impulsadas por agrupacións ou asociacións de concellos.

A través desta iniciativa dirixida a concellos de menos de 30.000 habitantes, a Xunta cofinancia actuacións nas redes de iluminación pública, camiños municipais, parques infantís e edificios ou dependencias destinados á prestación de servizos municipais. A axuda máxima pode cubrir ata o 80 % do orzamento total da actuación.

Nesta convocatoria deuse prioridade ás iniciativas relacionadas coa mellora da accesibilidade aos edificios municipais co obxectivo de garantir a integración das persoas con discapacidade con solucións ás necesidades específicas deste colectivo. Así, unha de cada tres subvencións concedidas foron para traballos deste tipo, cun total de 33 entidades beneficiarias por importe de máis de 1 millón de euros. Nos edificios e instalacións ou dependencias municipais contabilizáronse outras 26 iniciativas por un montante de máis de 798.400 euros.

Para mellorar a calidade de vida nos núcleos rurais dos municipios tamén se concederon 22 subvencións para a pavimentación de camiños públicos, que sumaron máis de 861.100 euros. Cofinanciáronse ademais outros 17 proxectos consistentes na humanización e mellora de espazos públicos coma paseos, prazas, parques e rúas, financiados con 576.100 euros. Os cinco proxectos restantes combinaron distintas tipoloxías, por exemplo, melloras na rede de iluminación pública ou parques infantís para ofrecerlles ás familias e á rapazada espazos de lecer, e representaron unha suma de máis de 171.700 euros.

As entidades locais contan deste xeito un ano máis co apoio da Xunta mediante esta liña de axudas, que ten como obxectivo garantir o equilibrio no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, a prol do desenvolvemento económico do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

territorio, e que a poboación galega teña unhas óptimas condicións de vida con independencia do seu lugar de residencia.

A medida súmase ao Fondo de Compensación Ambiental, dotado con máis de 11 millóns de euros e destinado a impulsar accións de protección e mellora do medio natural no eido local, ou á liña de axudas específicas para a mellora da eficiencia enerxética, cofinanciada con fondos Feder e dotada con 5 millóns de euros. Ademais, do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local (FCL), resérvanse 8,5 millóns de euros ao financiamento de infraestruturas estratéxicas municipais e outros 5 millóns para os concellos galegos de menos de 15.000 habitantes.

O compromiso da Xunta cos concellos materialízase na transferencia de máis de 627 millóns de euros neste ano. Nesta contía inclúense as distintas liñas do Goberno galego dirixidas ás entidades locais e os 168 millóns do Fondo de Cooperación Local -10 millóns máis que en 2024- cos cales Galicia garante desde 2011 a participación dos municipios nos orzamentos autonómicos. Cómpre destacar que o fondo base do FCL se incrementa este exercicio en 5,4 millóns de euros que se reparten nos concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que teñen menos ingresos e máis dependen das achegas doutras administracións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONSOLIDA O SEU LIDERADO ESTATAL CON 41 AUXILIARES DE CONVERSA FULBRIGHT ENTRE OS 690 LECTORES DE 24 NACIONALIDADES NAS AULAS O PRÓXIMO CURSO

- Os colexios, institutos e escolas de idiomas galegas contarán con 25 auxiliares máis que este curso, o que supón un novo récord histórico
- O programa de auxiliares de conversa é unha das múltiples accións que desenvolve a Xunta, a través da Estratexia EDULingüe2030, para facilitar a aprendizaxe de idiomas
- O 75 % dos centros sostidos con fondos públicos na nosa Comunidade desenvolverán algún programa de plurilingüismo en infantil, primaria, ESO ou bacharelato

Galicia consolidarase de novo o vindeiro curso como a comunidade autónoma que concentrará o maior número de auxiliares de conversa Fulbright, con 41 persoas estadounidense de alto perfil académico nas aulas galegas dun total de 164 repartidas por toda España, o que representa o 25 % do total. Isto eleva a 690 o total de lectores estranxeiros que colaborarán nos colexios, institutos e escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma a partir de setembro grazas aos acordos entre a Xunta e distintas entidades.

Logo de autorizar hai unhas semanas un convenio co Ministerio de Educación, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos (Comisión Fulbright) para dotar o sistema educativo galego de 41 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico. O importe do convenio ascende a 557.928 €, dos que a Xunta de Galicia financia o 88 % mentres que o 12 % restante os achega a Comisión Fulbright.

A través deste acordo, así como dos que se establecen co Ministerio no marco do Acordo de cooperación territorial, co Instituto Confucio ou co Instituto Camões, o sistema educativo galego contará o vindeiro curso cun total de 690 auxiliares de conversa. Serán 25 máis ca no actual ano académico e supón un novo récord histórico de auxiliares en Galicia, cuxa presenza nos centros se multiplicou por máis de 10 respecto dos 67 que había ao inicio do programa, no ano 2009.

A contratación de auxiliares de conversa é unha das múltiples accións que desenvolve a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a través da Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDULingüe2030, para facilitar a aprendizaxe de idiomas.

De feito, o 75 % dos centros educativos sostidos con fondos públicos na nosa comunidade desenvolverán algún programa de plurilingüismo nas etapas de infantil, primaria, ESO ou bacharelato.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Líderes en aprendizaxe de inglés

O programa de auxiliares de conversa enmárcase na Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, a aposta da Xunta pola mellora das competencias do alumnado en linguas estranxeiras. A través dela artéllanse iniciativas como a rede de centros plurilingües, un total de 512 este curso en Galicia, ou as máis de 5.000 seccións bilingües que funcionan en primaria, secundaria, bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.

Grazas a esta aposta polo plurilingüismo, o alumnado galego está á cabeza entre os de mellor nivel de inglés de España segundo o ránking internacional EF EPI, o único baseado en avaliacións do idioma realizadas por 2,1 millóns de persoas de 111 países.

Os auxiliares de conversa apoian a aprendizaxe de idiomas maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Reciben unha axuda económica e participan en actividades de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

Amplo grao de satisfacción

As persoas que prestan apoio como auxiliares de conversa contribúen a facilitar a aprendizaxe das linguas estranxeiras, ao tempo que representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura doutros países, contribuíndo a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

Tras máis de 15 anos de funcionamento do programa, son unha figura cun éxito consolidado na nosa comunidade. Non en balde, case o 99 % das persoas coordinadoras dos centros participantes consideran moi positivo este apoio e o 50 % das persoas auxiliares de conversa solicitan renovar un curso máis en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON MÁIS DE 2,6M € A CONTRATACIÓN DE 15 ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO EN EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS EN QUE DESENVOLVERÁN A SÚA TESE

- O Consello aproba a convocatoria da quinta edición de Doutoramentos industriais, cun incremento do orzamento en case 1M € e a duración das axudas de tres a catro anos
- Posibilita realizar a tese doutoral nun contorno empresarial, favorecendo a investigación colaborativa, a transferencia de coñecemento e a inserción laboral
- En conxunto, as catro convocatorias anteriores permitiron a contratación de 61 doutorandos en sete centros tecnolóxicos e 45 empresas cun orzamento de 7,5M €

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da quinta edición do programa Doutoramentos industriais, unha iniciativa dotada con 2.625.000 euros para apoiar a contratación de 15 estudantes en empresas e centros tecnolóxicos nos cales desenvolverán a súa tese doutoral. Este ano, como novidade, o orzamento increméntase case en 1M € e a duración das axudas pasa de tres a catro anos, co obxectivo de reforzar a competitividade e o atractivo desta liña de apoio para a formación de persoal investigador.

O programa, promovido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, permite deseñar e realizar a tese doutoral nun contorno empresarial, orientando o proxecto de investigación á resolución das necesidades e problemas dunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía, en colaboración coas universidades públicas galegas que se encargarán da formación investigadora da persoa doutoranda.

Deste xeito, os Doutoramentos industriais favorecen a investigación colaborativa entre empresas ou centros tecnolóxicos e a universidade, o que posibilita a transferencia de coñecemento. Ademais, tamén potencia a captación de mozos e mozas investigadores, posibilita a incorporación de persoal doutor ás empresas unha vez que remate a duración destas axudas e fortalece a colaboración entre diferentes sectores da I+D+i galega.

Os doutorandos deberán matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade do Sistema universitario galego e ter unha persoa directora da tese vinculada ao programa. As axudas inclúen tanto os custos de contratación, gastos relacionados co proxecto no ámbito da empresa ou centro tecnolóxico e apoios para a realización de estadias de tres meses no estranxeiro como gastos relacionados co desenvolvemento do proxecto no ámbito da universidade e o custo da matrícula.

Balance das edicións anteriores

Desde a súa posta en marcha no ano 2021, os Doutoramentos industriais permitiron a contratación de 61 doutorandos en sete centros tecnolóxicos e 45 empresas a través dun orzamento total de 7,5M €. En canto ás universidades, 34 doutorandos están

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

asociados á Universidade de Santiago de Compostela, 15 á Universidade de Vigo e 12 á Universidade da Coruña.

Os Doutoramentos industriais forman parte da aposta da Xunta de Galicia polo talento investigador desde as fases iniciais. A maiores deste programa, na actualidade están en vigor convocatorias para 722 contratos predoutorais e posdoutorais cun investimento de 103M €. Estes programas, enmarcados no Plan galego de investigación e innovación, súmanse ás medidas postas en marcha polo Goberno galego co obxectivo de captar e reter investigadores e crear emprego de calidade neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 170.000 € A APOIAR A INCLUSIÓN SOCIOLABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

O Consello autoriza un convenio con Down Galicia para o desenvolvemento de programas formativos que faciliten o acceso ao mercado de traballo

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Down Galicia que ten por obxecto facilitar o acceso ao mercado laboral de persoas con discapacidade intelectual. O importe deste acordo supera os 170.000 euros.

Este é o cuarto ano no que a Xunta asina un convenio deste tipo con Down Galicia para financiar programas formativos e de inclusión laboral de usuarios tanto desta federación como das entidades que forman parte dela. Este proxecto ten como destinatarias persoas maiores de 16 anos que teñan unha porcentaxe de discapacidade recoñecida superior ao 33 %.

Os participantes nestes programas poderán completar a súa formación práctica en centros de titularidade da Xunta, ofrecéndoselles así unha primeira experiencia no ámbito laboral.

A través deste tipo de acordos, a Xunta quere contribuír ao traballo que levan a cabo as entidades que integran a Federación Down Galicia para cambiar a actual tendencia e facilitar a inclusión laboral dos seus usuarios, como medio para que gañen en autonomía, acaden o seu pleno desenvolvemento persoal e teñan unha maior calidade de vida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA A RETIRADA DE EFECTIVO NO RURAL PARA QUE AS GASOLINEIRAS DISPOÑAN DE SERVIZOS SIMILARES AOS QUE OFRECEN OS CAIXEIROS AUTOMÁTICOS

- A Consellería de Economía e Industria convoca por vez primeira unha orde de axudas para mellorar a oferta das gasolinerías localizadas nos 290 concellos de menos de 20.000 habitantes de Galicia que inclúe, ademais da posibilidade de implantar este servizo, axudas para a instalación de grupos electrógenos que garantan a subministración de enerxía eléctrica
- O obxectivo é impulsar a modernización tecnolóxica e dixital destes establecementos, incrementando a oferta de produtos e servizos para mellorar a súa competitividade e loitar contra o despoboamento
- Os apoios están destinados ás pemes e aos empresarios autónomos, que poderán optar a axudas de entre 5.000 e 30.000 euros segundo o tipo de actuación que se realice cunha intensidade nas axudas que oscila entre o 50 e o 80 %
- Para o desenvolvemento das accións incluídas no marco desta nova orde, o Goberno galego asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Estacións de Servizo (Fegaes), que aglutina a preto de 400 gasolinerías

O Consello da Xunta deu esta mañá o visto e praxe a unha nova orde de axudas para a modernización tecnolóxica e dixital das estacións de servizo do rural galego, que permitirá, entre outras medidas, que estas poidan contar cun sistema de retirada de diñeiro en efectivo similar ao que se ofrece a través dos caixeiros automáticos.

A orde, impulsada desde a Consellería de Economía e Industria, conta cunha dotación económica de 800.000 euros e inclúe, xunto coa actuación de disposición de efectivo, axudas para a instalación de grupos electrógenos que garantan a subministración de enerxía eléctrica no caso de producirse un apagamento como o sucedido o pasado 28 de abril. Con esta nova liña, a Administración galega reforza o seu compromiso na loita contra o despoboamento do rural, ofrecendo novas prestacións que garantan o benestar e a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Xa máis polo miúdo e con respecto á iniciativa para que as estacións de servizo galegas poidan contar cun innovador servizo de retirada de cartos en efectivo -un sistema informático-, estímase unha implantación gradual co horizonte posto no ano 2028, en que preto de 200 gasolinerías, a metade das que actualmente están adheridas á Federación Galega de Estacións de Servizo (Fegaes), poidan contar con el.

A iniciativa permitirá ás persoas que viven no rural, e que non teñen preto unha sucursal bancaria nin un caixeiro automático, achegarse á estación de servizo máis próxima e dispoñer de pequenas cantidades de diñeiro, garantindo en todo momento a confidencialidade dos datos bancarios, no marco dun servizo moi acaído.

Beneficiarios e liñas de axudas

A nova orde de axudas está dirixida ás pemes legalmente constituídas e aos empresarios autónomos que sexan titulares de estacións de servizo situadas nos concellos da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Comunidade de menos de 20.000 habitantes (290 municipios). Cada solicitante poderá presentar unha única petición, e esta poderá recoller unha ou varias das actuacións obxecto deste innovador programa de apoios.

Deste xeito, ademais da integración de sistemas e equipamentos para retirar diñeiro en efectivo, poderán solicitarse apoios para mellorar os métodos de pagamento ou a xestión operativa da propia estación de servizo, así como para a implantación de plataformas dixitais para optimizar o procedemento para a adquisición dos produtos e servizos ofrecidos no establecemento.

Tamén para incorporar sistemas e equipamentos dirixidos á mellora da seguridade das instalacións e aqueles que garantan os servizos ofrecidos pola gasoleira no caso de interrupción da subministración de enerxía eléctrica, ben a través de grupos electrógenos, ben a través de sistemas de alimentación ininterrompida ligados aos equipamentos dixitais. E poderanse incluír tamén os custos de formación do persoal no uso das novas tecnoloxías e as obras necesarias asociadas á incorporación dos equipamentos mencionados.

En canto á contía das axudas, será do 50 % do orzamento cun máximo de 30.000 euros por beneficiario, agás no caso da instalación de grupos electrógenos, en que a o apoio se incrementa ata o 80 % cun máximo de 5.000 euros por beneficiario.

Para levar á práctica todas estas actuacións, a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Estacións de Servizo (Fegaes), entidade que aglutina as catro asociacións provinciais e na cal están representadas unha parte importante das gasoleiras do territorio galego, arredor de 400 establecementos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE NA RECUPERACIÓN DE ESPAZO PARA USO PEONIL NO CONTORNO DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE SACOS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 375.000 €

- A zona abrangue dous ámbitos de actuación: unha ampla zona aberta a carón do adro da igrexa parroquial e un treito da vía de acceso a Vila de Abaixo
- As obras prevén habilitar un espazo para uso e desfrute da veciñanza no contorno da igrexa, aumentando o espazo peonil existente coa creación dunha plataforma única e mellorando a eficiencia enerxética coa substitución das luminarias actuais
- As intervencións forman parte do Plan Hurbe, programa do Goberno galego para apoiar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas
- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70 % do orzamento, 260.911 € euros, contratará e executará as obras
- O Goberno galego aposta polo desenvolvemento dos núcleos rurais como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio

O Consello da Xunta acaba de autorizar o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Cerdedo-Cotobade para executar as obras de recuperación de espazo para uso peonil no contorno da igrexa de Santa María de Sacos, que suporán un investimento de 372.731 euros.

Esta intervención enmárcase no coñecido Plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, centrándose neste caso a obra na humanización do ámbito público que hai diante de Santa María de Sacos.

A actuación prevista baixo o convenio autorizado hoxe localízase na parroquia de Santa María de Sacos, no lugar da Vila de Abaixo, concretamente no contorno da igrexa parroquial, cemiterio parroquial, reitoría e casa do pobo veciñal, que está situada no ámbito do núcleo rural de Cotobade.

Trátase de crear un espazo para uso e desfrute da veciñanza no contorno da igrexa de Santa María de Sacos, aumentando o espazo peonil existente coa creación dunha plataforma única e mellorando a eficiencia enerxética coa substitución das luminarias actuais.

O detalle da intervención

En concreto, a zona abrangue dous ámbitos de actuación: unha ampla zona aberta a carón do adro da igrexa parroquial e un treito da vía de acceso a Vila de Abaixo. Conta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cunha lonxitude de 65 metros e ancho variable entre os 3,50 m e os 26 m no atrio que se xera fronte á igrexa.

Polas características da rúa, que serve de vía para os vehículos que tratan de saír ou entrar no núcleo da Vila de Abaixo desde a estrada de conexión da N-541 e a PO-232, propónse a redución do espazo para o paso do tráfico rodado, mediante o cambio de pavimento e a instalación de mobiliario urbano que delimite este espazo para o uso peonil seguindo os criterios de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos.

Con esta finalidade, proxéctase o cambio do pavimento cunha de mestura de lousas graníticas morenas de diferentes tamaños, de lastro de granito moreno e pavimento con formigón cepillado, a instalación de novas luminarias LED sobre báculo para a iluminación do contorno da igrexa.

Na intervención inclúese, ademais, a execución da nova rede de saneamento de pluviais e o soterramento de liñas de telecomunicacións, baixa tensión e iluminación. Tamén se prevé a colocación de mobiliario urbano composto por bancos e xardineiras e sinalización vertical.

O convenio

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, achegando un investimento de 260.911 € euros, contratará e executará as obras.

O Concello de Cercedo-Cotobade achegará o 30 % restante do custo das actuacións, 111.819 euros; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

Co acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta mantén o impulso na continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como este Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PLANO REPRESENTATIVO



FOTO REPRESENTATIVA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE 13 EDIFICIOS PARA CREAR 26 VIVENDAS PARA ALUGUEIRO SOCIAL EN FERROL, LUGO E MONDOÑEDO

- A licitación destes contratos dividirase en catro lotes distintos por un investimento global de preto de 8 millóns de euros
- Os inmobles foron adquiridos pola Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo no marco do Programa Rexurbe por un importe que rolda os 750.000 euros e están localizados nos conxuntos históricos destes concellos
- O Executivo autonómico, ademais de incrementar o parque de vivenda protexida na comunidade autónoma, traballa na rehabilitación e a promoción en núcleos históricos, na rexeneración destas contornas e a fixación de poboación nelas

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á contratación das obras de rehabilitación de 13 edificios para crear 26 vivendas para alugueiro social no núcleo histórico das cidades de Ferrol e Lugo, e no núcleo da vila lucense de Mondoñedo.

As actuacións, cuxa licitación autorizou hoxe o Goberno galego suporá un investimento global de preto de 8 millóns de euros.

A contratacións das obras realizarase por lotes co obxectivo de rehabilitar estes trece inmobles adquiridos pola Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), no marco do Programa Rexurbe por un importe de preto 750.000 euros

Todas as vivendas rehabilitadas serán cualificadas como de promoción pública polo que pasarán a formar parte do parque de vivendas propiedade da Xunta e serán adxudicadas en réxime de alugueiro social recorrendo ás persoas inscritas no Rexistro de demandantes de vivenda de Galicia.

A licitación destes contratos autorizados hoxe polo Executivo autonómico dividirase en catro lotes distintos. En conxunto, o obxectivo é habilitar un total de 26 vivendas, incluíndo a habilitación de 17 rochos e 3 locais.

O lote primeiro e segundo correspóndese coa contratación das obras de rehabilitación integral de seis edificios no municipio de Ferrol.

En concreto, no lote primeiro inclúense tres edificios. Un dos inmobles en que se vai actuar localízase na rúa San Francisco, 13, e trátase de rehabilitar o edificio para 2 VPP e 2 rochos; tamén se impulsarán as obra de rehabilitación de 1 edificio para 2 VPP, 2 rochos e 2 locais na rúa Mercé, 22-esquina rúa Carme Curuxeiras, 36-38; e actuarase noutro edificio situado na rúa Dolores, 28, barrio da Magdalena, onde se habilitarán outras 3 vivendas, 3 rochos e 1 local.

No segundo lote, tamén en Ferrol, inclúense a contratación das obras de rehabilitación noutros tres edificios, neste caso os situados na rúa Espartero, números 18, 46 e 59,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

respectivamente. No primeiro edificio habilitaranse 3 VPP e 3 rochos, no segundo 2 VPP e no terceiro a obra incluirá 2 VPP e 2 rochos.

O terceiro lote céntrase no concello de Lugo, onde o obxectivo é realizar traballos en dous edificios, situados na rúa Catedral, 18 e 22. En ambos os dous casos trátase de obras de rehabilitación para 1 vivenda protexida en cada un deles.

O cuarto e último lote, comprende a rehabilitación de cinco edificios para a obtención de novas vivendas de promoción pública en Mondoñedo. Trátase de rehabilitar 1 edificio para 1 VPP e 1 rocho na praza Muíños de Arriba, 24; de actuar en 2 edificios para 4 VPP e 4 rochos na rúa Guevara, 7 e 9; intervir en 1 edificio para 1 VPP na rúa Febrero, 30, e noutro 1 edificio para 2VPP na rúa Álvaro Cunqueiro, 34. Tamén se inclúe neste último lote as obra de remodelación e reforzo estrutural de 2 VPP e mellora da envolvente do edificio na rúa Progreso, 10.

Toda estas obras contan tamén coa cofinanciación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco operativo Feder Galicia 2021-2027.

Con este novo contrato o Goberno galego, ademais de incrementar o parque de vivenda de promoción pública na comunidade autónoma, segue a traballar, mediante a rehabilitación e a promoción en núcleos históricos, na rexeneración destas contornas e na fixación de poboación nelas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE REDONDELA NO ACONDICIONAMENTO DA AVENIDA DE MENDIÑO (PO-363) DESDE O NÚCLEO URBANO ATA A PRAIA DE CESANTES, CUN INVESTIMENTO QUE SUPORÁ 1,6 M€

- A intervención suporá un orzamento que rolda os 1,6 M € e permitirá realizar as obras necesarias para a mellora da seguridade viaria e a reordenación deste treito da vía autonómica, coñecido como avenida Mendiño, e a súa transformación en vía urbana
- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume preto do 73 % do orzamento e tramitará o cambio de titularidade de todo o dominio público dos 1,09 quilómetros da PO-363, antes da adxudicación das obras polo Concello
- O Concello redactará o proxecto e executará as obra, e comprométese a aceptar o cambio de titularidade desta vía
- O Goberno galego segue a cooperar con concellos na mellora dos contornos urbanos, de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos, co obxectivo da revitalización do territorio e do reequilibrio territorial

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e praxe ao acordo de colaboración co Concello de Redondela para o acondicionamento da avenida de Mendiño, que se corresponde coa estrada autonómica PO-363 entre o núcleo urbano do municipio e a praia de Cesantes, que suporá un investimento total que rolda os 1,6 M €.

O Executivo autonómico autoriza así a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, e o Concello de Redondela, no cal se establecen as bases de colaboración técnica e económica que permitan realizar as obras necesarias para a mellora da seguridade viaria, a reordenación do citado treito da vía autonómica e a súa transformación nunha vía urbana.

A estrada PO-363 (Redondela–praia de Cesantes), pertencente á rede local da Xunta, ten unha lonxitude de 1,09 km e transcorre integramente polo municipio de Redondela. Esta estrada forma xa parte do entramado urbano do núcleo da vila e compórtase como unha rúa máis, de aí que tamén se coñeza como avenida Mendiño. Para unha mellor adecuación á súa funcionalidade urbana, considérase oportuna a reordenación da súa sección e a mellora da súa seguridade viaria.

Con este acordo, o Goberno galego dá resposta ás consideracións do Concello de Redondela para modificar o proxecto elaborado pola Xunta dentro da súa planificación en materia de estradas, de mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363, para o treito Redondela-praia de Cesantes, baseándose na súa condición de futura Administración titular da vía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, dado o peso no proxecto da entidade local da renovación dos servizos urbanos e de que os criterios de deseño que se propoñen implican a perda do carácter de estrada desta vía, o máis razoable é que se realice o cambio de titularidade en favor do Concello de Redondela e sexa a Administración municipal a que redacte o proxecto construtivo e dirixa a execución das obras, das cales será o destinatario final. Pola súa parte, a Xunta, como Administración actualmente titular da vía, colaborará co financiamento da actuación, ademais de realizar a tramitación do cambio de titularidade.

En concreto, e segundo establece o convenio aprobado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta asume o compromiso de financiar en preto do 73 %, ata 1.161.444 euros, o custo das obras, e tramitará o expediente de cambio de titularidade de todo o dominio público da estrada PO-363 entre Redondela e a praia de Cesantes, antes da adxudicación das obras polo Concello de Redondela.

Pola súa banda, o Concello de Redondela completará o financiamento da obra, cunha contía estimada en 433.268 euros. Ademais, redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e comprométese a aceptar o cambio de titularidade do citado treito da PO-363.

O Goberno galego segue a cooperar con concellos na mellora dos contornos urbanos, de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos, co obxectivo da revitalización do territorio e do reequilibrio territorial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON MÁIS DE 1,3 M€ O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS SOCIO SANITARIOS NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS E DAS ADICIÓN

- O Executivo galego incrementa nun 11,8 % a partida destinada ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a realización de actividades que melloren a calidade de vida destes pacientes
- O ano pasado esta liña de axudas posibilitou o desenvolvemento de 58 programas que contribuíron a mellorar a saúde mental da poboación galega
- Estruturada ao redor de cinco grandes eixes de actuación, a convocatoria incidirá na realización de programas psicosociais, na prevención das adicións, no fomento da empregabilidade ou no desenvolvemento de programas de prevención do suicidio

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de incentivos por importe de 1.350.000 euros destinados ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a realización de programas de interese xeral para fins de carácter socio sanitario no ámbito dos trastornos mentais.

Respecto do ano pasado, o Executivo galego incrementa nun 11,8 % (143.057 €), o orzamento consignado para o desenvolvemento deste tipo de actividades.

En 2024 esta liña de axudas posibilitou o desenvolvemento de 58 programas que contribuíron a mellorar a saúde mental da poboación galega.

As iniciativas susceptibles de concesión destas axudas agrúpanse en cinco grandes eixes estratéxicos.

En primeiro lugar, dispórase dunha liña de axudas para financiar proxectos de investimento de melloras para os centros sanitarios cuxa actividade asistencial principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais e psicosociais en materia de trastornos mentais, incluídos os trastornos adictivos.

Esta convocatoria tamén posibilitará levar a cabo programas de intervención comunitaria destinados a aquelas persoas que padezan trastornos de tipo mental.

A terceira das liñas está vinculada á realización de programas de promoción do desenvolvemento de contornas protectoras no ámbito dixital, así como á prevención terciaria en adicións comportamentais e outras adicións.

Ademais, serán obxecto de axudas os programas de incorporación social e fomento do emprego para as persoas con trastornos mentais.

Por último, esta nova orde de axudas contribuirá á realización de programas de prevención do suicidio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta convocatoria desenvolverase na modalidade de concorrência competitiva, podendo acceder a ela todas aquelas entidades sociais sen ánimo de lucro que promovan novas estratexias que dean resposta ás necesidades da poboación que sofren doenzas de tipo mental.

O Executivo galego anticipará ás entidades beneficiarias o 100 % destas axudas, posibilitando a súa xustificación con posterioridade á realización das actividades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 5,4 M € PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA DOS ESTUDANTES DO CAMPO DAS CIENCIAS DA SAÚDE

- O Executivo autonómico autoriza as prórrogas dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as tres universidades galegas
- A Xunta e as universidades galegas xa traballan na elaboración dos novos concertos, que terán unha duración de catro anos
- O Goberno galego tamén achegará preto de 280.000 euros para a realización de actividades docentes do grao universitario en Enxeñería Biomédica na Universidade de Vigo

O Consello da Xunta autorizou esta mañá unha nova prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo para a formación práctica dos estudantes do campo das ciencias da saúde.

En virtude destes acordos, o Executivo galego destinará un orzamento global de 5.434.106 euros para renovar unha colaboración que tamén permite a utilización das institucións sanitarias para finalidades docentes, asistenciais e de investigación, o que supón un incremento respecto dos convenios anteriores de preto de 145.000 euros.

Esta nova cooperación entre o departamento sanitario da Xunta e as universidades galegas estenderanse desde o 1 de xullo deste ano ata, como máximo, o 30 de xuño de 2026.

O concerto coa Universidade de Santiago de Compostela acada un importe de 4.382.676 euros, o da Universidade da Coruña recolle un importe de 923.883 euros e o da Universidade de Vigo é por 127.545 euros.

Cómpre sinalar que xa se mantiveron as xuntanzas das comisións mixtas coas tres universidades galegas ao longo de 2025 para acordar o texto e os anexos dos novos concertos, que terán unha duración de catro anos, e xa se iniciou a súa tramitación. Deste xeito estas prórrogas autorizadas hoxe serán polo tempo necesario para finalizar a tramitación administrativa, tanto polo Servizo Galego de Saúde, como polas tres universidades.

O Servizo Galego de Saúde e as tres universidades galegas manteñen esta colaboración desde o ano 2001, establecéndose uns acordos que posibilitan que os profesionais do Servizo Galego de Saúde compatibilicen a súa actividade asistencial coa docente e investigadora.

Así mesmo, mediante estes concertos, o departamento sanitario da Xunta ratifica o seu compromiso coa formación do alumnado, ao poñer á disposición do Sistema universitario galego todos os recursos de que dispón o Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O orzamento destes acordos está destinado a financiar todos os custos de persoal derivados da dispoñibilidade para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais, así como o cumprimento dos acordos e obxectivos específicos adquiridos coa colaboración, entre os que destacan a formación do alumnado das especialidades das Ciencias da Saúde e o obxectivo conxunto de acadar uns mellores profesionais sanitarios e a máxima calidade asistencial para a poboación.

Enxeñaría biomédica

O Consello da Xunta tamén autorizou na súa reunión semanal a sinatura dun novo convenio de colaboración, por un importe de 559.964 euros, entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das instalacións sanitarias na realización de actividades docentes do grao universitario en Enxeñaría Biomédica.

Así, o Executivo galego achegará 279.982 euros en catro anos para financiar o 50 % dos gastos que derivan da formación teórico-práctica necesarias para o desenvolvemento deste grao, a razón de 69.995 euros anuais ata o 2028.

A enxeñaría biomédica é una ciencia interdisciplinaria baseada na medicina, na bioloxía e na enxeñaría, que resulta fundamental para unha variedade de tecnoloxías sumamente innovadoras e de produtos ou procesos do sector da asistencia sanitaria.

Ademais, a Organización Mundial da Saúde recoñece que se necesita un maior número de persoas enxeñeiras biomédicas para deseñar, avaliar, regular, manter e xestionar os dispositivos médicos e dar formación sobre o seu uso seguro nos sistemas sanitarios de todo o mundo.

Tanto o Servizo Galego de Saúde como a Universidade de Vigo son conscientes da importancia que ten o ensino práctico para as disciplinas integradas no campo da enxeñaría biomédica e a necesidade de que se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario. Por tal motivo, buscan garantir o nivel práctico da docencia nos estudos que a integran, a mellor preparación dos futuros profesionais e a busca da súa excelencia para o desenvolvemento das referidas ciencias a favor do benestar social no campo da saúde.

A colaboración estará orientada á formación do alumnado nas materias de Estrutura e Patoloxía Médica, Estrutura e Patoloxía Médico-Cirúrxica, Enxeñaría Clínica e Hospitalaria, Fundamentos de Tecnoloxía Hospitalaria e Prácticas de Tecnoloxía Hospitalaria.

Esta colaboración estenderase aos traballos de fin de grao que se realicen total ou parcialmente en colaboración co persoal da área sanitaria de Vigo.

O 4 de marzo de 2021 asinouse o primeiro acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do grao universitario en Enxeñaría Biomédica, que finalizou o 3 de marzo de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2025, manifestando ambas as partes a necesidade de asinar un novo acordo de colaboración que dea continuidade ao anterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 12,1 M€ NO REFORZO DOS SERVIZOS ASISTENCIAIS DA ATENCIÓN PRIMARIA DURANTE O VERÁN

- O Executivo galego aprobou esta mañá o Plan de cobertura da atención primaria no verán de 2025
- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, salienta que as necesidades de persoal aumentan en verán “para cubrir as vacacións e polo incremento de poboación nos concellos costeiros”
- A creación dunha bolsa de persoal médico voluntario para cubrir gardas nos puntos de atención continuada dispón xa de 149 profesionais anotados
- Por parte do 061 ofreceron a súa dispoñibilidade a colaborar nas gardas das urxencias de atención primaria 20 médicos ata o de agora
- A oferta de mobilidade temporal cara aos centros sanitarios que o precisen é outra das medidas definidas para garantir as prestacións asistenciais
- Tras o éxito do pasado ano, a Consellería de Sanidade volve realizar unha encomenda ao persoal residente de 4º ano nas especialidades de pediatría e de medicina familiar e comunitaria
- Ata o momento, 95 residentes de medicina familiar e comunitaria e de pediatría do último ano aceptaron participar no programa da Xunta de reforzo do verán

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que o Consello aprobou esta mañá o novo Plan de cobertura da atención primaria no verán de 2025, unha iniciativa na que se investirá 12,1 millóns de euros. O obxectivo é “reforzar” e garantir a calidade asistencial “nos servizos de atención primaria” de Galicia durante o período estival.

Calvo lembrou que durante estes meses as necesidades de persoal dos centros de saúde “vense incrementadas” tanto para cubrir as vacacións dos profesionais sanitarios coma polo “importante incremento de poboación nos concellos consteiros”.

A folla de ruta deseñada pola Consellería de Sanidade estrutúrase ao redor de catro grandes medidas que reforzarán a asistencia sanitaria do primeiro nivel asistencial da rede sanitaria pública. Trátase de medidas similares ás aplicadas o ano pasado que demostraron a súa efectividade.

Así, tal e como explicou o conselleiro, o Servizo Galego de Saúde disporá dun programa extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal médico de familia nos puntos de atención continuada (PAC).

Para iso dispón dunha “bolsa de persoal voluntario dispoñible para facer gardas” que, en réxime de localización, poderá ser chamado entre 3 e 7 días ao mes para atender as quendas daqueles PAC que o precisen para completar a súa cobertura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste momento esta bolsa de voluntarios para cubrir as quendas dos puntos de atención continuada xa suma 149 profesionais.

O departamento sanitario da Xunta tamén conta cun programa especial de apoio á atención primaria por parte do persoal médico da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. Neste caso, os facultativos do 061 poden participar voluntariamente no programa extraordinario de PAC, aínda que non participe nesas listas. Polo momento, 20 médicos xa se anotaron nesta bolsa específica para estaren dispoñibles ante a necesidade de cubrir gardas destas urxencias de atención primaria.

O conselleiro explicou que o terceiro dos eixes definidos pola Consellería de Sanidade correspóndese coa posibilidade de participar nunha “oferta de mobilidade temporal cara aos centros de saúde que precisen dun reforzo prioritario”. Cómpre subliñar que esta medida está dispoñible tamén para o persoal doutras comunidades autónomas que acepte prestar os seus servizos nestes centros.

Por último, e tras o éxito do verán pasado, o Servizo Galego de Saúde realizará unha nova encomenda de funcións ao persoal residente MIR de cuarto ano, nas especialidades de pediatría e de medicina familiar e comunitaria. Este ano xa aceptaron participar neste programa de reforzo do verán un total de 95 residentes, unha cifra que pode verse incrementada nas vindeiras semanas.

Sobre este particular, as xerencias das sete áreas sanitarias poderán encomendar ao seu persoal residente en formación, que se atopen nos últimos catro meses do período formativo, o desempeño de funcións que son desenvolvidas ordinariamente polo persoal especialista e que sexan adicionais e extraordinarias respecto ás prestacións propias do seu plan de formación.

A encomenda terá por obxecto realizar unha ou varias das seguintes funcións: atención da consulta ordinaria dun cupo nun centro de saúde, prolongacións de xornada, para a cobertura de ausencias, por riba do seu horario ordinario, realización de gardas nos PAC ou servizos de urxencia hospitalaria.

Outras medidas adoptadas

O Plan de cobertura de necesidades de persoal médico para atención primaria no verán engádese a outras medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir a calidade asistencial en toda a comunidade, ao tempo que achega unha maior estabilidade aos profesionais sanidade pública galega.

Así mesmo, na categoría de médico de familia hai ofertadas 271 prazas cuxo procedemento se está a desenvolver. A semana pasada foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a lista de persoas seleccionadas e os baremos definitivos do seu concurso-oposición.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 2,3 M€ A CONTRATACIÓN PARA A DOTACIÓN DE MATERIAL CIRÚRXICO PARA CARDIOLOXÍA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O contrato inclúe o material consumible para as intervencións de cirurxía e intervencionismo cardíaco que se realicen nos hospitais da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo
- O contrato terá unha duración inicial de dous anos, recollendo unha posible prórroga por dous anos máis
- Mediante a compra centralizada deste tipo de material, o Executivo galego agarda acadar un aforro próximo ao 5 %, arredor de 54.000 euros ao ano
- En 2024 os hospitais da rede sanitaria pública galega realizaron un total de 2.010 intervencións de cirurxía cardíaca

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación do novo acordo marco para a contratación de material cirúrxico con destino aos servizos de cardioloxía dos hospitais da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo. O Executivo galego consigna unha partida de 2.366.651 euros para a compra de material funxible desta especialidade.

Distribuído en 6 lotes, o expediente inclúe a compra de cánulas de perfusión arterial e venosa; vaíñas dilatadoras e estiletos para a extracción de cables de marcapasos, desfibrilador e catéteres, e sistemas de canulación para os equipos de oxixenación por membrana extracorpórea (ECMO), entre outros.

O contrato terá unha duración inicial de dous anos, prevendo unha posible prórroga por dous anos máis. Neste caso, o valor estimado do contrato elévase aos 4,3 millóns de euros.

Esta é a segunda contratación centralizada deste tipo de material, o que permite acadar unha maior eficiencia dos recursos e un mellor prezo na adquisición duns produtos que serán empregados polo Servizo Galego de Saúde. O obxectivo desta contratación é acadar un aforro do 5 %, o que supón un aforro de arredor de 54.000 euros ao ano.

Os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde que realizan cirurxía cardíaca (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) levaron a cabo un total de 2.010 intervencións durante o ano 2024, un 2,3 % máis que no ano 2023 (1.964 intervencións).

Mediante este expediente, a Xunta garante o aprovisionamento do material preciso para continuar coa mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade económica do Sistema sanitario público galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA AS CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS DE ROSALÍA DE CASTRO, OTERO PEDRAYO, CASTELAO E CARVALHO CALERO

- O Consello dá luz verde aos convenios coa Universidade de Santiago de Compostela e o Parlamento de Galicia para afondar no legado e obra dos catro persoeiros
- O obxectivo do acordo é impulsar ata 2027 cursos, seminarios, conferencias e actividades académicas que versen sobre a figura dos autores
- O acordo enmárcase no compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para potenciar e fomentar o idioma galego e a investigación sobre a lingua e cultura galegas

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento das catro cátedras institucionais: de Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Castelao e Ricardo Carvalho Calero.

A través destes convenios, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude fomentará a investigación sobre a lingua e cultura galegas, ao tempo que promove a divulgación e posta en valor do legado destes catro persoeiros. Así, cun investimento de 60.000 €, as cátedras configúranse como un foro para a execución de actividades e programas docentes e formativos, académicos, de estudo, divulgación e de fomento e promoción da vida e obra destes catro emblemáticos autores galegos.

Deste xeito, ata o ano 2027, cando rematará a vixencia dos diferentes convenios, buscarase promover a investigación científica no campo do estudo académico e crítico da obra destes catro autores, ademais de impulsar a realización de cursos, seminarios, conferencias e actividades académicas que contribúan a facilitar o debate cultural e académico da súa obra. Neste senso, premiaranse aqueles traballos académicos que versen sobre o legado de Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Castelao e Carvalho Calero, crearase un fondo bibliográfico e documental sobre a súa obra e difundiranse os valores asociados co seu traballo e figura.

En definitiva, as cátedras universitarias de investigación e divulgación están dirixidas a reforzar a importancia e repercusión destes escritores na literatura e están concibidas para impulsar a proxección e o coñecemento destas emblemáticas figuras galegas tanto no ámbito galego como en España e a nivel internacional. Para iso, integranse dentro da estrutura académica da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Catro figuras relevantes vencelladas á historia galega

As cátedras institucionais que se poñen en marcha levan o nome de catro referentes vencellados á historia galega. Así, coa creación da cátedra de Rosalía de Castro reforzase a importancia da escritora galega máis universal, recordada por publicar a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

primeira grande obra en lingua galega *Cantares Gallegos* no ano 1863, e por ser a precursora da poesía española e referente do Rexurdimento.

As cátedras Castelao e Otero Pedrayo, pola súa banda, poñen en valor a repercusión de ambos os autores como representativos da cultura galega do século XX, ao tratarse de figuras polifacéticas como narradores, ensaístas, dramaturgos, debuxantes e políticos. Por último, a cátedra Carvalho Calero consolida a transcendencia do escritor pola súa defensa pola lingua e cultura galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A RECUALIFICACIÓN E A EMPREGABILIDADE DE ATA 900 PERSOAS AFECTADAS POLOS PECHES DAS CENTRAIS TÉRMICAS DAS PONTES E MEIRAMA

- O Consello aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e axentes sociais económicos vinculados ao sector industrial e no marco do plan de actuacións integral neste eido
- Con esta iniciativa prevese chegar a 360 persoas con emprego e 540 desempregadas con que se desenvolverán os itinerarios de empregabilidade verde, relacionados co ambiente, as enerxías renovables e a eficiencia enerxética
- A colaboración está dotada con máis de 1,5 M € a distribuír entre os anos 2025 e 2028 e abrangue accións como a orientación laboral personalizada e formación profesional a medida, clave para a capacitación e mellora das competencias dos participantes
- Iniciativas coma esta casan coa aposta da Xunta a prol do diálogo social, que institucionalizará cun futuro decreto para establecer a súa composición e funcionamento, reforzándoo como esencial para o progreso da economía galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e axentes sociais económicos vinculados ao sector industrial e no marco do Plan de actuación integral (PAI) As Pontes de García Rodríguez-Meirama. Deste xeito, o Goberno galego busca a recualificación profesional, mellorar a empregabilidade e a reinserción ao mercado laboral das persoas traballadoras afectadas polos peches das centrais térmicas das Pontes de García Rodríguez e Meirama como consecuencia da transición enerxética.

Coas accións que abrangue este convenio prevese chegar a ata 900 persoas -360 con emprego por conta allea ou propia e 540 desempregadas- coas que se desenvolverán os denominados itinerarios de empregabilidade verde, que son aqueles relacionados co ambiente, as enerxías renovables e a eficiencia enerxética. Esta iniciativa está dotada con máis de 1,5 M €, que se distribuirán entre os anos 2025 e 2028 -ambos incluídos- e dos cales o 70 % están cofinanciados pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 e o 30 % restante con fondos propios da Xunta.

A vixencia desta colaboración estenderase ata o 15 de decembro de 2028 e abranguerá actuacións realizadas ata o 30 de novembro de 2028. En concreto, os axentes socioeconómicos asinantes e encargados de desenvolver as accións formativas desta colaboración son -UGT-FICA- Industria, Construción e Agro Galicia, CC.OO. de Industria Galicia, a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime) e a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC). Trátase de entidades que dispoñen de experiencia en plans de formación e capacitación de persoas traballadoras e desempregadas no ámbito da industria e as súas tecnoloxías asociadas.

Accións do convenio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As accións que se van realizar ao abeiro deste convenio abranguen a acollida e diagnose sociolaboral das persoas beneficiarias, o desenvolvemento de medidas de sensibilización, orientación laboral personalizada e formación profesional a medida co foco nas tecnoloxías verdes, eficiencia enerxética e dixitalización dos procesos clave para a capacitación, mellora das competencias e reciclaxe profesional das persoas beneficiarias. Ao mesmo tempo, buscarase ofrecer unha formación á carta segundo as necesidades dos sectores produtivos para cualificar a estas persoas en ámbitos con maiores oportunidades de inserción laboral contribuíndo así tamén a cubrir a demanda de man de obra.

Outras tarefas que abrangue esta colaboración son o apoio na procura de emprego ou no establecemento por conta propia, así como o seguimento personalizado das persoas participantes que consigan a reincorporación ao mercado laboral, ben por conta allea ou por conta propia, con titorías en que se verificarán as condicións de emprego. Para o seguimento e coordinación das accións deste convenio crearase unha comisión que estará composta por representantes de cada entidade asinante do convenio e que se reunirá periodicamente.

Pulo ao diálogo social

Colaboracións coma esta concordan coa aposta da Xunta a prol do diálogo social. Co fin de institucionalizalo, o Goberno galego traballa no futuro decreto para establecer a súa composición e funcionamento, reforzándoo como imprescindible para o progreso económico da comunidade. O obxectivo é que sexa un fiel reflexo da realidade laboral tendo en conta as necesidades dos traballadores de todos os sectores.

Outras iniciativas de reinserción laboral impulsadas polo Goberno galego son EmpregaNAV, relacionado industria auxiliar da construción naval, e EmpregAL, vencellado ao sector do aluminio, ambas pertencentes ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA ESTE ANO 169 ACCIÓNS DE FORMACIÓN AGRARIA CON 3.500 HORAS E UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS

- O obxectivo da iniciativa, da que hoxe tomou razón o Consello do Goberno galego, é fomentar a capacitación dos traballadores dos sectores agrario, agroalimentario e silvicultor en todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas actividades
- Os destinatarios son o persoal do sector primario agrario (agrícola, gandeiro, silvicultor, industria agroalimentaria e eido silvícola de primeira transformación) vinculado profesionalmente ou con expectativa de incorporación, en especial mozos/as e mulleres do medio rural
- Os cursos poden ser habilitantes, é dicir, que proporcionan unha acreditación exixida para desenvolver unha determinada actividade, como o uso de fitosanitarios e cuestións relacionadas co benestar animal, ou de adquisición de coñecementos non exixibles

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, programou para este ano 2025 un total de 169 accións dentro do Plan de formación ao agro galego, que representan 3.566 horas formativas, cun investimento que supera os 540.000 euros. Isto supón que se poñen á disposición do sector máis de 4.000 prazas formativas. Estas actuacións están financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 60 %, pola Xunta de Galicia nun 28 % e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) nun 12 %.

O obxectivo deste plan, do que hoxe tomou razón o Consello do Goberno galego, é o de modernizar as zonas agrícolas e rurais fomentando e poñendo en común o coñecemento, a innovación e a dixitalización nelas, e promovendo a súa adopción polos agricultores, mediante a mellora do acceso á investigación, á innovación, ao intercambio de coñecementos e á formación.

Trátase de fomentar a capacitación dos traballadores dos sectores agrario, agroalimentario e silvicultor en todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas actividades. Procúrase incidir, cando sexa preciso, no emprego dos métodos produtivos respectuosos coa conservación e protección do medio, na mellora na eficiencia dos sistemas agrarios de produción, na calidade, eficiencia e novas tecnoloxías da industria agroalimentaria, na reordenación das producións, na bioeconomía e na aplicación das TIC ao sector.

As persoas destinatarias das accións son o persoal do sector primario agrario (agrícola, gandeiro, silvicultor, industria agroalimentaria e sector silvícola de primeira transformación) vinculadas profesionalmente ou con expectativa de incorporación, en especial mozos/as e mulleres do medio rural galego.

Recursos propios e colaboración con entidades

As actividades de formación son solicitadas e implementadas de diversos xeitos. Son xestionadas directamente pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, a través dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seus recursos propios ou en colaboración cos medios da Consellería do Medio Rural; fanse tamén mediante contratos a empresas que inclúan entre as súas capacidades a prestación de servizos; por medio de encomendas a unha entidade que teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico e poden ser ademais executadas a través de convenios de colaboración con outros entes públicos ou privados.

Dentro do ámbito da xestión directa, os potenciais axentes formadores son a propia Axencia Galega da Calidade Alimentaria a través de diferentes unidades, entre elas os centros de formación e experimentación agraria e os centros de investigacións agraria da Consellería. Tamén se imparte formación por medio das diversas oficinas rurais espalladas por todo o territorio galego.

Os cursos poden ser habilitantes, é dicir, que proporcionan unha acreditación exixida para desenvolver unha determinada actividade, como o uso de fitosanitarios e cuestións relacionadas co benestar animal, ou de adquisición de coñecementos non exixibles. Neste último caso, abranguen aspectos como a horta, os aproveitamentos forestais, o bovino de leite e carne, a apicultura ou a enoloxía, entre outros. As modalidades das accións formativas van desde a presencial ata a formación de curta duración, pasando pola telepresencial, en liña ou semipresencial.

Políticas da UE e Estratexia de especialización intelixente

Este Plan de formación ao agro enmárcase nas políticas da Unión Europea a prol da transferencia de coñecementos e o fomento da I+D+i no eido rural. Ademais, intégrase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada pola Xunta en abril de 2022 e que aborda, tamén a través da I+D+i, a mellora do sistema de innovación agroalimentaria e forestal e a súa capacidade de resposta aos retos e estratexias.

Así, considérase que a formación agraria (agrícola, gandeira e forestal) e da industria agroalimentaria converteuse nunha das principais ferramentas de adaptación aos procesos de cambio tecnolóxico, económico e social en que están inmersos os sectores agrario e agroalimentario e, en xeral, o medio rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA A CAMPAÑA DA PAC 2024 CO PAGAMENTO DAS AXUDAS AGROAMBIENTAIS CUN ORZAMENTO DE CASE 25 M €

- Galicia é unha das comunidades autónomas que mellor executa estes fondos, pagados este ano na súa totalidade 10 días antes de rematar o prazo
- Estas achegas concédense a aquelas persoas que subscriben, voluntariamente, compromisos de xestión beneficiosos para o desenvolvemento sustentable, a xestión eficiente de recursos naturais, protexer a biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos ou conservar os hábitats
- A Consellería do Medio Rural aboou tamén o 100 % das axudas directas a finais do mes de maio, cun desembolso duns 172,5 millóns de euros, e as achegas para zonas con limitacións naturais, uns 17,3 millóns de euros, xa pagados a finais de 2024
- A campaña da PAC 2024 ascendeu por riba dos 214 millóns de euros para beneficiar 22.500 agricultores e gandeiros galegos

A Xunta de Galicia completa a totalidade dos pagamentos da campaña 2024 da política agraria común (PAC) ao facer efectivo o pagamento das axudas agroambientais, que ascenden a case 25 millóns de euros para algo máis de 6.000 agricultores e gandeiros galegos, segundo recolle o proxecto de acordo avaliado hoxe polo Consello da Xunta. Galicia é unha das comunidades autónomas que mellor executa estes fondos, pagados este ano na súa totalidade 10 días antes de rematar o prazo

A Consellería do Medio Rural aboou tamén o 100 % das axudas directas da PAC a finais do mes de maio, cun desembolso duns 172,5 millóns de euros. A este orzamento cómpre engadir o pagamento de decembro de 2024 correspondente ás zonas con limitacións naturais, uns 17,3 millóns de euros. En total, a campaña da PAC 2024 ascendeu por riba dos 214 millóns de euros para beneficiar a 22.500 persoas.

Axudas agroambientais

As axudas agroambientais concédense a persoas agricultoras que subscriban, voluntariamente, compromisos de xestión beneficiosos para o desenvolvemento sustentable, a xestión eficiente de recursos naturais, protexer a biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos ou conservar os hábitats e as paisaxes. Estes compromisos poden referirse a cuestións como a xestión de pastos, a economía circular ou os cultivos sustentables.

Inclúen tamén compromisos ecolóxicos -como a agricultura, o viñedo, a gandería e a apicultura- e compromisos de conservación, vencellados co fomento e conservación de razas e variedades autóctonas. Teñen como finalidade compensar os custos adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos. Ademais, estas achegas son plurianuais, polo que o solicitante se compromete durante os cinco anos do Plan estratéxico da PAC (2023-2027). Os compromisos aos que máis beneficiarios se adhiren na nosa comunidade son os relacionados co fomento e xestión sustentable de pastos, que supoñen un 77 % do total de solicitudes e máis da metade do importe pagado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A política agraria común

As axudas agrícolas da política agraria común supoñen unha parte substancial dos orzamentos da UE en consonancia coa súa grande importancia. Son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural.

A maior parte forman parte da denominada solicitude única da PAC, que permite agrupalas para facilitar a súa tramitación aos beneficiarios e ás administracións autonómicas competentes. No caso de Galicia, o organismo encargado da súa xestión é o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), adscrito á Consellería do Medio Rural.

Os pagamentos directos permiten estabilizar a renda das persoas agricultoras e compensalas pola prestación de servizos públicos de valor incalculable como a protección do ambiente, o benestar dos animais e os alimentos seguros e de calidade. As normas europeas son as máis exixentes do mundo desde o punto de vista ambiental, de seguridade alimentaria, de benestar animal etc. Sen os pagamentos directos, as persoas agricultoras europeas non poderían competir coas producións de terceiros países.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA UNHA NORMA TÉCNICA DAS CONSERVAS ARTESÁS DE PEIXES E MARISCOS DENTRO DO SELO DE ARTESANÍA ALIMENTARIA

- Dótase así o sector da ferramenta xurídica necesaria para promover e protexer as pequenas producións e elaboracións tradicionais destes alimentos de alta calidade, contribuíndo á conservación do patrimonio cultural e marítimo galego
- A súa aplicación facilitará a diversificación económica desta industria, dando así valor engadido ás producións locais e contribuíndo ao asentamento de poboación nas zonas costeiras
- Garante a seguridade alimentaria, a calidade do produto, a sustentabilidade da práctica e pon en valor o papel da muller na súa elaboración

O Consello da Xunta deu conta da norma técnica das conservas artesás de peixes e mariscos que a Consellería do Mar impulsa dentro do selo de Artesanía Alimentaria. Deste xeito, dótase este sector da ferramenta xurídica necesaria para promover e protexer estas pequenas producións de alimentos de alta calidade, facilitando con iso a diversificación económica da industria conserveira e contribuíndo a fixar poboación nas rexións costeiras de Galicia.

Ademais, pon en valor o papel das mulleres na súa elaboración, garantindo a seguridade alimentaria e a sustentabilidade da práctica produtiva. Isto implica controlar o proceso de elaboración, desde a selección de ingredientes ata o envasado e almacenamento, para previr riscos como a contaminación bacteriana e preservar as propiedades organolépticas da conserva.

O obxectivo é, por tanto, mellorar a posición dos produtores para protexer os produtos artesanais contra a falsificación, pero tamén fomentar o potencial do turismo, manter traballadores nas comunidades costeiras, así como salvagardar o seu patrimonio marítimo e cultural.

Consideracións

O desenvolvemento desta orde permite afondar, recoñecer e fomentar os valores económicos, culturais e sociais procedentes da industria conserveira e preservar e protexer as empresas familiares que elaboran produtos alimenticios, así como poñer en valor os produtos alimentarios comercializados, elaborados coa intervención directa do seu titular, o artesán alimentario.

Debulla as calidades dos alimentos transformados para obter o cualificativo de artesanal. A este respecto, establece as definicións correspondentes á materia prima; aos produtos en conserva, semiconserva e conxelados; ás especies estacionais; á esterilización ou ao líquido da cobertura.

Polo que respecta ao propio proceso de elaboración, aborda a manipulación inicial e posterior da materia prima base, os tratamentos térmicos previos á fabricación da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conserva, o descunchado, o envasado e as prácticas autorizadas e prohibidas, ademais das posibilidades de mecanización, o límite máximo de produción, a presentación e o envase, a rastrexabilidade e rexistros, o sistema de control por parte da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) e os requisitos de hixiene.

Contexto lexislativo

A norma técnica dá resposta á disposición europea e á Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, que ten, entre os seus obxectivos, fomentar, potenciar e garantir a produción e a comercialización de alimentos de calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia, así como favorecer o acceso de toda a poboación a estes produtos.

Galicia, coa posta en marcha desta orde, aposta decididamente pola produción artesanal, pois un produto «caseiro» ou «feito na casa» non ten por que ser ecolóxico ou artesán. Para deixar claro cando o é, as consellerías de Medio Rural e do Mar elaboraron o Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, e sobre o que se asenta o precepto que hoxe foi ratificado polo Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 205.000 € AO ESTUDO DA PROLIFERACIÓN DE FITOPLANCTO TÓXICO NO INTERIOR DA RÍA DE PONTEVEDRA, CO FIN DE MELLORAR A PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

- A Consellería do Mar e o CSIC estudarán os parámetros ambientais máis influentes para reducir o descenso produtivo nos bancos de Lourizán, Campelo e Combarro
- Esta actuación contribuirá a facer fronte a un dos principais desafíos que afronta o sector, identificando as causas da mortalidade de moluscos bivalvos e aplicando solucións biotecnolóxicas
- O proxecto, cofinanciado nun 70 % polo Fempa, desenvolverase ata o ano 2027 e enmárcase na Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos de Galicia (Redemar)

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas–Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) para a realización do proxecto Proliferación de fitoplancto tóxico nos bancos marisqueiros do interior da ría de Pontevedra: entender o presente e prever o futuro (Planctox), para o período 2025-2027, por importe de 205.25,54 euros.

A actuación, cofinanciada nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa), enmárcase na Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos de Galicia (Redemar), e ten por obxectivo principal identificar as variables ambientais que levan ao desenvolvemento destes organismos acuáticos e que afectan directamente a supervivencia dos moluscos bivalvos dos polígonos de Lourizán, Campelo e Combarro, no presente e ante un escenario futuro de cambio climático.

Trátase de axudar a mellorar a súa produción, conseguindo as cifras necesarias que requiren as entidades produtoras para abastecer a sociedade destes alimentos tan altamente demandados. Neste senso, para poder conseguir estes retos levaranse a cabo accións relacionadas coa identificación das variables ambientais que afectan a proliferación de fitoplancto tóxico, a través da monitoraxe intensiva de variables físicas, químicas e biolóxicas nas zonas indicadas, así como co estudo da resposta destas algas ao quecemento da agua e a súa acidificación para prever a evolución da súa expansión no futuro.

A través deste proxecto, establécense sinerxías para facer fronte a un dos principais desafíos que afronta o marisqueo, identificando as causas do descenso da produción e aplicando solucións biotecnolóxicas. Esta iniciativa súmase así a outras liñas de traballo de investigación deseñadas co sector para garantir a súa actividade, pois a costa galega é unha fonte de riqueza e provedora de alimentos que destacan no mercado pola súa calidade e así son valorados polos consumidores.

O proxecto inclúe tarefas de seguimento, así como a realización de experimentos, cuxos resultados serán analizados e postos á disposición do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO DESEÑAN UNHA METODOLOXÍA INNOVADORA PARA AXUDAR OS CONCELLOS A IDENTIFICAR REFUXIOS CLIMÁTICOS QUE PROTEXAN A POBOACIÓN ANTE EVENTOS EXTREMOS

- O Consello toma razón dun informe sobre os resultados da colaboración que manteñen neste eido a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a UVigo
- O proxecto completárase co desenvolvemento dunha aplicación para móbiles á disposición da cidadanía con mapas actualizados de illas de calor por concellos e recomendacións para minimizar a exposición da poboación ás altas temperaturas
- A nova ferramenta metodolóxica, adaptada especificamente ás características dos municipios galegos, permite identificar as zonas máis vulnerables á calor, xestionar espazos urbanos e rurais resilientes e saudables e preservar a biodiversidade local

A Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo (UVigo) acaban de completar o desenvolvemento dunha metodoloxía integral e innovadora que permite identificar zonas especialmente sensibles á calor dentro de cada municipio e, sobre todo, localizar refuxios climáticos no ámbito local con condicións térmicas favorables para protexer a poboación das altas temperaturas en caso de eventos climatolóxicos extremos.

Esta nova ferramenta será a base para desenvolver tamén unha futura aplicación para móbiles, con capacidade de xeolocalización e accesible para toda a cidadanía, que ofrecerá mapas actualizados das illas de calor identificadas por concellos, así como recomendacións para minimizar a exposición da poboación aos efectos prexudiciais das temperaturas extremadamente cálidas. A previsión é que esta aplicación estea lista no último trimestre de 2025 e se incorporen de forma progresiva os mapas dos concellos.

Estas son as principais conclusións dun informe do cal tomou razón esta mañá o Consello da Xunta e no cal se recollen os resultados do convenio asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a UVigo en novembro do ano pasado co obxectivo de reforzar a posición de Galicia como refuxio climático e dotar os concellos de información e ferramentas útiles con que actuar neste eido a nivel local.

Nos últimos meses, ambas as institucións traballaron da man no deseño e posta en marcha dunha nova ferramenta metodolóxica que permite aos concellos identificar cales son as illas de calor e os refuxios climáticos dentro dos seus territorios, organizando os espazos existentes, respectando a biodiversidade da zona e estruturando a información para que toda a poboación poida coñecer libre e gratuitamente onde se atopan.

A finalidade é dotar os concellos de datos e procedementos claros para que poidan crear contornas amables, resilientes e saudables e adapten as súas zonas urbanas ao cambio climático, incrementando os espazos naturais e reducindo a infraestrutura gris. Ademais, a participación da Xunta e da Universidade nun proxecto destas características

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consolida Galicia na vangarda da loita contra a emerxencia climática e o apoio aos colectivos máis vulnerables, de acordo cos obxectivos do desenvolvemento sustentable.

Deste xeito, e apoiándose nesta nova metodoloxía as entidades locais poderán elaborar mapas de calor —cos lugares do concello onde as temperaturas son máis altas e que deben ser evitados pola poboación máis sensible—, identificar zonas que potencialmente poden actuar como refuxios climáticos —áreas frescas, verdes e con arboredo, pero tamén espazos públicos cubertos e accesibles que poidan ser empregados en episodios de temperaturas elevadas— e zonas de preservación da biodiversidade, que poden coincidir co ámbito dalgún espazo definido como refuxio climático e cuxos valores naturais serán tidos en conta á hora de planificar posibles actuacións.

Para o seu desenvolvemento adoptouse un enfoque multidimensional, xa que incorpora criterios sociais, ecolóxicos e técnicos, garantindo que as solucións propostas sexan sustentables, inclusivas e adaptadas ás necesidades de cada concello. Ademais, ao integrar a tecnoloxía no proceso, utilizando algoritmos de intelixencia artificial e sistemas de información xeográfica, os concellos poden obter unha análise máis precisa das condicións locais, mellorando a calidade dos datos recollidos e a súa posterior aplicación.

Así mesmo, a participación municipal será fundamental para o éxito da ferramenta, que foi deseñada e adaptada especificamente para as características dos municipios galegos e require da súa colaboración activa para personalizar as estratexias que se aplicarán en cada caso, fortalecendo así a autonomía local na xestión climática.

A modo de exemplo, a Xunta investirá 110.000 euros —a través dun convenio de colaboración asinado a semana pasada coa Universidade de Vigo e o Concello de Ourense— para o deseño dun proxecto piloto no marco da iniciativa *Cidades verdes* a través do cal se elaborará un mapa de illas de calor e unha serie de refuxios climáticos na cidade co fin de impulsar novas zonas verdes na súa área urbana.

A capital ourensá é a cidade galega sometida a temperaturas máis altas e será tamén a primeira en que se recorra á plantación de árbores e a outras solucións baseadas na natureza para combater os efectos do quecemento global; en todo caso, os resultados acadados trasladaranse ao resto de concellos galegos de máis de 20.000 habitantes para que poidan avalialos e replicar o seu modelo ou adoptar solucións semellantes.

Orde de axudas pioneira

Para reforzar a posición de Galicia como refuxio climático natural e dotar os concellos de información e ferramentas con que facer fronte aos efectos do quecemento global, unha das principais liñas de actuación en que traballa o Goberno galego céntrase no impulso das infraestruturas verdes, entendidas como unha rede de espazos verdes, naturais ou seminaturais, que melloran a biodiversidade, a resiliencia ao cambio climático e a calidade de vida da poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este obxectivo, a Xunta convocou este ano unha orde de axudas pioneira en Galicia que se resolveu coa concesión de 42 axudas por importe de 2 millóns de euros a outros tantos proxectos presentados por 35 concellos.

Todas estas iniciativas municipais —en que o Executivo galego achega ata o 80 % do importe subvencionable e un máximo de 60.000 euros por proxecto— mobilizarán un investimento total de máis de 2,5 millóns de euros e teñen como obxectivo común impulsar os espazos verdes en áreas urbanas e periurbanas e facer fronte así aos efectos do cambio climático.

Ao igual que a ferramenta para localizar e habilitar refuxios climáticos a nivel municipal, o espírito destes apoios parte de que os concellos, como Administración máis próxima á cidadanía, son un actor clave para a acción climática, xa que os seus logros na escala local teñen efectos moi positivos tamén a nivel global. De feito, con eles refórzase a colaboración institucional para fomentar iniciativas que contribúan ao desenvolvemento das infraestruturas verdes e á conectividade dos espazos naturais periurbanos.

O obxectivo do Executivo galego é avanzar na dotación en zonas urbanas de espazos e pulmóns verdes como parques, xardíns, fontes ou áreas recreativas tendo en conta que se estima que nas áreas máis poboadas se xeran entre un 40 % e un 70 % de todas as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). A existencia desas contornas verdes, polo tanto, repercute tamén na redución das emisións á atmosfera e na mellora da calidade de vida da cidadanía polos beneficios que reportan para a saúde e pola sociabilidade, ao ser tamén un espazo de encontro e lecer colectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 3 M € Á RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DE HUMIDAIIS DE INTERESE NAS CATRO PROVINCIAS

- O Consello tomou razón esta mañá dun informe sobre as actuacións estratéxicas que se executarán no período 2025-2027 nestes espazos naturais, moi presentes na Comunidade e que se caracterizan pola riqueza e variedade da súa flora e fauna
- Os lugares seleccionados son as lagoas costeiras da Coruña, os humidais da Terra Chá, as Areeiras e o complexo húmido de Antela, na Limia, e as Gándaras de Budiño
- A iniciativa parte dun enfoque innovador polo seu carácter transversal tanto desde o punto de vista da repartición territorial das medidas que se van executar, como pola busca de efectos sinérxicos entre os traballos que se executarán nunhas zonas e noutras
- En Galicia hai inventariados 646 espazos naturais deste tipo e tamén é a cuarta comunidade española con máis humidais incluídos na Lista Ramsar, un total de seis

A Xunta investirá algo máis de 3 millóns de euros —financiados nun 68,88 % a través de distintos programas da UE e no 31,12 % restante con fondos propios— a través dun completo paquete de actuacións de restauración e conservación en varios humidais de interese repartidos polas catro provincias.

Así se recolle nun informe do que tomou razón hoxe o Consello sobre as actuacións da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para a posta en valor de humidais nas catro provincias galegas, que son unha parte esencial do patrimonio natural de Galicia e serven de ecosistema para unha notable variedade de flora e fauna.

Deste xeito, as intervencións programadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático enfocaranse en diferentes espazos costeiros localizados na provincia da Coruña e concibidos como parte dunha mesma rede; en zonas húmidas do complexo da Terra Chá, en Lugo; e nos principais espazos destas características que conforman o complexo húmido da Limia, na provincia de Ourense.

Así mesmo, no caso de Pontevedra acometerase unha intervención integral nas Gándaras de Budiño, un espazo natural protexido de importancia comunitaria que concentrará as actuacións nesta provincia pola importancia do orzamento necesario para completar a súa restauración.

O investimento máis importante realizarase en Ourense, e terá dúas áreas de traballo diferenciadas, ambas na comarca da Limia. Por un lado, e cun orzamento de 650.000 euros no período 2025-2027, intervírase no complexo húmido de Antela, un caso paradigmático de transformación drástica dun ecosistema de humidal de gran superficie.

Como primeiro paso, analizarase a dispoñibilidade actual de terreos comunais e parcelas agrícolas e unha vez concretado este aspecto, abordarase o deseño da proposta de restauración detallada, definindo as actuacións encamiñadas a recuperar, na medida do posible, a dinámica hidrolóxica natural do espazo e o seu singular interese ecolóxico (eliminación de vexetación invasora e de pistas en zonas restauradas; uso público cunha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

senda peonil e observatorios de aves, implementación de filtros verdes con vexetación arbórea para mellorar a calidade da auga...).

Por outro e dentro do mesmo sistema húmido ourensán, acometerase a recuperación ambiental das Areeiras da Limia. Cun orzamento de 300.000 euros, preténdese actuar sobre charcas cun alto valor de conservación, identificadas como areeiras abandonadas (preseleccionáronse 11 como prioritarias con base no valor de conservación que presentan e nas características xeomorfolóxicas) e en parte actualmente naturalizadas, buscando, por medio da súa restauración, favorecer os valores naturais que albergan.

Entre as actuacións previstas figuran a mellora da dispoñibilidade de hábitats e a redución dos factores de ameaza para especies de interese presentes na zona; garantir unha dinámica hidrolóxica de zonas húmidas o máis natural posible; favorecer a conectividade ecolóxica para facilitar o desprazamento de especies de fauna e flora e contribuír á prevención e erradicación de especies exóticas invasoras.

Así mesmo, as actuacións de restauración no litoral coruñés abranguen un total de oito zonas húmidas costeiras: a lagoa de Louro; a zona de policía do río Mandeo; O Pieiro-porto exterior de Ferrol; a lagoa de Doniños; o espazo dunar da praia de Doniños; a lagoa da Frouxeira e as praias de Pantín e Vilarrube, ambas en Valdoviño.

Entre as medidas que se van executar previstas (cun orzamento de 700.000 euros para os próximos tres anos) cómpre citar a retirada e control de especies invasoras, a instalación e mellora de observatorios para aves, a renovación e construción de infraestruturas e elementos que favorezan o uso público (pontes, varandas, sinalización) e actuacións para protexer a pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), unha ave que ten en Galicia un dos seus últimos redutos na Península Ibérica.

En Lugo, as intervencións focalizaranse nos humidaís da Terra Chá. Cun investimento de 600.000 euros para os tres anos, actuarase na Lagoa do Rei, incluída na ZEC Parga-Ladra-Támoga, para aumentar a superficie do medio hídrico actuando sobre o prado de sega e levando a cabo unha escavación na área contigua á lagoa sen afectala.

Na área do bosque asolagado valorarase tamén a posible adecuación dunha pequena cubeta onde introducir un número reducido de exemplares de *Hydrocharis morsus-ranae*, especie en perigo de extinción no Catálogo galego e no Catálogo español. En todo caso, existe a posibilidade tamén de actuar noutros humidaís do complexo da Terra Chá (Fonmiña, Lagoa de Caque...), aínda que nestes momentos non se pode concretar máis.

Por último, na provincia de Pontevedra os traballos de recuperación centraranse unicamente nos humidaís da ZEC Gándaras de Budiño, ecosistema incluído na Rede Natura 2000, que conta con elementos únicos nos contextos galego e ibérico. De feito, búscase recuperar esta zona como punto de invernada e cría da cerceta eurasiática (*Anas crecca*) e como área vital para a supervivencia e recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis*), ambas especies consideradas en perigo de extinción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con tal fin, entre este ano e o que vén investiranse 802.634,05 euros, financiados na súa totalidade con fondos europeos, na realización de actuacións previas e de vixilancia ambiental para definir as zonas concretas de actuación co apoio de drons; na recuperación de ecosistemas de alto valor mediante o tratamento da vexetación existente, retirada de especies invasoras e eliminación de alteracións que afectan a lagoa principal (achegas de auga doce); e na protección das mesmas áreas ante os potenciais efectos da presión humana, co acondicionamento do camiño de acceso á lagoa, a reparación de infraestruturas de uso público e dos paneis interpretativos ou a limpeza e mantemento dos filtros existentes na marxe co polígono industrial.

Enfoque innovador e transversal

A principal novidade das actuacións previstas, que na maioría dos casos comezarán a executarse este mesmo ano e se entenderán ata 2027, está no seu carácter transversal, tanto pola propia distribución territorial dos espazos, seleccionados para repartir os seus efectos dun xeito equilibrado, como pola busca de sinerxías positivas entre unhas zonas e outras nos casos en que formen parte dunha mesma rede interrelacionada.

Así mesmo, as actuacións programadas para a posta en valor de zonas húmidas nos próximos tres anos daranlle continuidade a diferentes medidas e proxectos executados nos últimos anos con cargo ao programa NextGenerationUE e que permitiron abordar actuacións importantes para a restauración de hábitats dunares no parque natural de Corrubedo, na zona de especial protección de aves (ZEPA) da ría de Ortigueira ou na zona de especial conservación (ZEC) de Valdoviño, ademais da intervención integral acometida na Lagoa de Cospeito.

Galicia, referente no ámbito nacional

Galicia conta actualmente con 646 zonas húmidas inventariadas, que suman un total de 45.141 hectáreas e albergan unha notable biodiversidade en que se inclúen taxons ameazados e hábitats de interese prioritario.

Entre os humidais galegos destacan especialmente seis incluídos na Lista Ramsar, un rexistro internacional que integra as zonas húmidas máis importantes do mundo polo seu interese ecolóxico e transcendencia para a conservación da biodiversidade. Son, concretamente, a ría de Ribadeo; as rías de Ortigueira e Ladrado; a lagoa e o areal de Valdoviño; o complexo de Corrubedo; o complexo intermareal Umia-O Grove; e o parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas, seis espazos que converten a Galicia na cuarta comunidade española con máis humidais incluídos nesta listaxe.

Cómpre subliñar o papel esencial que xogan este tipo de ecosistemas para o mantemento da vida en xeral, polo que resulta esencial preservar os seus recursos hídricos e evitar a súa deterioración ante ameazas como poden ser o cambio climático.

Por iso, existe a convención a nivel internacional de que a restauración das zonas húmidas terrestres debe ser unha prioridade co fin de garantir un futuro sustentable, unha idea compartida tamén pola Xunta como demostra o impulso do paquete de actuacións estratéxicas nas catro provincias de que foi informado hoxe o Consello.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INICIA A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS DE 2026 MENTRES QUE O GOBERNO CENTRAL SEGUE COA PRÓRROGA DOS DE 2023

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, destaca que a comunidade avance “na vía da confianza” nun contexto nacional e internacional marcado polas “incertezas e a inestabilidade”
- O *Diario Oficial de Galicia* publicará mañá a Orde pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos do vindeiro exercicio, que marcan as bases do Plan financeiro do Goberno galego para o ano próximo
- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, destaca “o estilo Galicia” que aporta “estabilidade política e institucional” e permitirá aprobar os vindeiros orzamentos “en tempo e forma”
- Reforzar o sector produtivo, as políticas de acceso á vivenda o estado do benestar, con especial atención á dependencia, serán as principais prioridades, ademais de desenvolver as novas competencias do litoral e a preparación do Xacobeo 2027

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que o Consello acordou que “iniciar a elaboración dos orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro ano”. Deste xeito, o Executivo autonómico avaliou un informe presentado pola Consellería de Facenda e Administración Pública sobre a Orde pola que se ditan instrucións para a elaboración dos presupostos de 2026, que marcan as bases do Plan financeiro do Goberno galego para o ano próximo.

Calvo resaltou que mentres Galicia “comeza a traballar nas contas de 2026, o Goberno de España segue funcionando coas de 2023”. Ademais, salientou a necesidade de que Galicia “siga avanzando pola vía da confianza” nun momento marcado a nivel nacional e internacional “polas incertezas e a inestabilidade”. “A Xunta pon a estabilidade ao servizo dos galegos e galegas, iniciando con normalidade a elaboración dos orzamentos do vindeiro ano para que estean aprobados en tempo e forma”, engadiu o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

O proceso continuará a finais de xullo, tal e como indicou Corgos, coa “aprobación do teito de gasto non financeiro” e a entrega do proxecto de orzamentos “antes do 20 de outubro” para a súa aprobación antes de finais de ano. Todo isto co obxectivo de que entren en vigor o 1 de xaneiro de 2026 para comezar a súa execución.

Tal e como salientou o conselleiro de Facenda, pese incertezas económicas e xeopolíticas no eido nacional e internacional, “Galicia segue funcionando” e “grazas a súa estabilidade política e institucional” presentará unhas contas que reforzarán os sectores produtivos para darlle un novo pulo á transformación económica de Galicia, blindarán o estado do benestar e primarán os servizos públicos e as políticas de acceso á vivenda. Ademais, desenvolverán as novas competencias do litoral e a avanzarán na preparación do Xacobeo 2027.

Así mesmo, tal e como explicou Calvo, as contas do vindeiro ano “conterán as previsións precisas para rematar os proxectos financiados polo Plan de recuperación,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

transformación e resiliencia”, cuxo prazo de execución remata en agosto de 2026, asegurando o seu pleno aproveitamento e o seu impacto transformador. Así mesmo, promoverán un investimento público que modernice os servizos esenciais como a sanidade, a educación, a atención á dependencia ou a vivenda, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades e a atención ás persoas máis vulnerables, así como promover a mobilidade sostible e a cohesión territorial.

Para elaborar os novos orzamentos, Galicia precisa do Goberno central información dos recursos do sistema de financiamento autonómico e a concreción dos compromisos de consolidación fiscal, información de que se carece debido á prórroga dos orzamentos estatais, dous anos consecutivos, e pola falta de colaboración institucional.

Cando xa hai que empezar a traballar nos vindeiros orzamentos, o Goberno central acaba de aprobar, aínda agora, a actualización das entregas a conta correspondentes aos orzamentos de 2025, e as comunidades autónomas aínda non recibiron eses recursos.

A única certeza que temos é que existe unha diferenza de 1.531 millóns de euros, a razón de 127 millóns cada mes. Con este atraso, de momento de seis meses, a Administración galega ten un custo financeiro de 6,5 millóns, que aumentará ata que o Goberno central regularice esta situación. E, ademais, cun recorte de 23 millóns de euros no total de entregas á conta sobre o inicialmente comunicado.

Corgos salientou que coa aprobación desta orde, Galicia pon de manifesto que segue a súa propia senda de estabilidade e “mantén un estilo propio, o estilo Galicia” que lle está a permitir un diferencial positivo de crecemento pospandemia, executar a totalidade do seu orzamento, reducir o endebedamento, estar á cabeza en investimento produtivo e seguir pagando con axilidade aos seus provedores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 4.000 EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS DE GALICIA EMPREGAN PARA A SÚA XESTIÓN OS SERVIZOS DA PLATAFORMA TECNOLÓXICA DESENVOLVIDA POLA XUNTA

- O Consello avaliou un informe sobre a evolución da Plataforma dixital agroforestal de Galicia, en fase de desenvolvemento e implantación ata 2027, cun orzamento de 5,4M €
- Desde que se iniciou o proceso de creación da Plataforma puxéronse xa en marcha utilidades para cubrir os cadernos de explotación dixitais, tramitar consultas ou acceder a información meteorolóxica personalizada
- Os titulares das explotacións dispoñen dunha aplicación web e outra para móbiles que permiten concentrar as xestións administrativas, calendarios, planificacións e rexistro de actividade e información sobre alertas, entre outros servizos
- A Plataforma disporá tamén de utilidades para os xestores e técnicos da Administración en ámbitos como a inspección, as tramitacións ou a definición das políticas agrarias
- Esta iniciativa abre a porta ao uso de tecnoloxías como a aprendizaxe automática ou da intelixencia artificial que facilitarán, entre outros usos, o asesoramento sobre fertilizantes ou a previsión de situacións como a aparición de enfermidades

Máis de 4.000 explotacións agrícolas de Galicia están a utilizar servizos integrados na Plataforma dixital agroforestal (PDAGRO), desenvolvida a través dun proxecto de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre o estado do desenvolvemento desta plataforma. Os traballos iniciáronse en marzo de 2024 e prolongaranse ata xuño de 2027, cun orzamento de 5,4 millóns de euros, financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Programa Feder Galicia 2021-2027.

PDAGRO é un ecosistema tecnolóxico que xestiona a información e datos de interese para as actividades agrícolas e forestais, e proporciona utilidades a agricultores, gandeiros, silvicultores e técnicos da Administración. E disporá de diferentes módulos, entre os que se atopan a ferramenta de xestión de explotacións agrarias (Xeaga), o sistema de xestión e rexistro das explotacións agrarias, o sistema de xestión de solicitudes de incorporación ao banco de explotacións, a xestión integral do viñado de Galicia, así como os diferentes sistemas de información xeográfica asociados.

Utilidades xa dispoñibles

Entre as utilidades que xa están dispoñibles atópase a posibilidade de cubrir e xestionar o caderno de explotación dixital, en que se rexistran actuacións como as tarefas de fertilización, tratamentos fitosanitarios ou prácticas gandeiras.

Tamén é posible utilizar xa o calendario agrícola, que inclúe todo tipo de información de interese, así como a xestión de documentación e un sistema de comunicación polo que a Administración pode notificar alertas ou enviar avisos personalizados (por SMS ou correo electrónico) a cada explotación ou grupo de explotacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xanela única e interoperabilidade

A Plataforma permite, así mesmo, iniciar diversos procedementos administrativos grazas á súa integración coa sede electrónica da Xunta ou cos portais sectoriais, como é o caso da oficina virtual de gandería. O obxectivo a medio prazo é que este espazo actúe como unha xanela única para as persoas e empresas que se dedican a estas actividades do sector agroforestal.

Todas as funcionalidades están concentradas nunha aplicación web, en que cada explotación ten o seu espazo, ao cal accede identificándose de forma segura. Existe tamén unha aplicación móbil que integra funcionalidades como a xeolocalización, o rexistro de actividades no terreo, a predición meteorolóxica e alertas adaptadas a cada explotación en tempo real.

A existencia de mecanismos técnicos (como API) para conectar diferentes aplicacións facilitan a comunicación da Plataforma con sistemas de terceiros, por exemplo, para o traslado da información ao Sistema de información de explotacións do estado (SIEX), ou aos sistemas que se empregan para a xestión a nivel autonómico das axudas da política agraria común.


Innovación ao servizo do sector agroforestal

O modelo está preparado para acoller todo tipo de utilidades que empregan tecnoloxías como a intelixencia artificial. Neste sentido, o informe destaca a integración con plataformas asesoras en fertilización e a realización de análises predictivas con estimacións de aparición de enfermidades, estimación de colleitas, períodos idóneos para a aplicación de produtos fitosanitarios ou períodos idóneos para a aplicación de fertilizantes. Tamén está previsto que acolla un módulo de soporte á toma de decisións no ámbito do viñado.

Un módulo avanzado (MODCPA) permite acceder e usar información externa á Plataforma, como imaxes, algoritmos, datos de dispositivos e sensores da internet das cousas (IoT), meteoroloxía etc.

Ademais das aplicacións destinadas aos responsables das explotacións, a Plataforma proporciona utilidades aos técnicos da Xunta de Galicia que traballan no ámbito agroforestal en tarefas como as inspeccións, a toma de decisións, a definición de políticas agrarias, a automatización e a simplificación de tarefas administrativas ou o fomento da comunicación coa cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O PROXECTO PARA CONSTRUIR UNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-862 EN ORTIGUEIRA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 350.000 €

- Trátase de construír un novo itinerario duns 500 metros de lonxitude que favoreza o tránsito peonil para as vivendas da contorna, e que permitirá unir o núcleo do municipio e o aparcadoiro que se habilita durante o Festival de Ortigueira
- A Xunta prevé aprobar o proxecto no outono para, a continuación, acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras
- O proceso de información pública realizarase en vindeiras datas, cun prazo dun mes

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á aprobación provisional do proxecto para construír unha senda peonil na estrada AC-862, ao seu paso polo concello de Ortigueira, que suporá un investimento autonómico que rolda os 350.000 euros.

Trátase de habilitar un novo itinerario na marxe esquerda desta vía autonómica, situada entre os puntos quilométricos 52+290 e 52+809, co fin de favorecer o tránsito peonil seguro para as vivendas que se sitúan n o seu trazado, e que ademais permitirá unir o núcleo do municipio e o aparcadoiro que se habilita durante o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

A Xunta prevé poder aprobar no outono este proxecto, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras. Para levar a cabo esta intervención será necesaria a expropiación de 9 predios, todos no municipio coruñés.

O proceso de información pública, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para os efectos expropiatorios, realizarase en vindeiras datas, e por un prazo dun mes.

As obras, cun prazo de execución de 6 meses, permitirán executar un itinerario peonil de algo máis de 500 metros de lonxitude pola marxe esquerda da estrada. No inicio do treito de actuación existe nun paso de peóns nunha rúa denominada Camiño Cortés, que accede a AC-862, e esta prolóngase ata o aparcadoiro do Festival de Ortigueira.


A senda proxéctase en formigón, cun ancho de 2,02 m de xeito xeral, ben que resulta necesario dispor un estreitamento nunha zona concreta, debido á presenza dunha vivenda que limita o espazo dispoñible.

Na intervención propónse tamén a realización de todas as actuacións complementarias necesarias: drenaxe, sinalización horizontal e vertical etc.

Así mesmo, na actuación proxectada inclúese a definición de todos os accesos existentes con solucións particulares estudadas para cada caso particular, así como a rede de camiños existente na contorna.

Plano de situación da nova senda:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A REDE DE ORIENTACIÓN LABORAL EN GALICIA COA CONTRATACIÓN DE 267 PERSOAS EN CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Consello analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria de 2025 destas achegas das que se benefician máis de 80 municipios e arredor de 40 entidades sen ánimo de lucro para a atención de persoas desempregadas
- Estes profesionais prestan asistencia e artellan medidas encamiñadas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego
- Estes orientadores laborais teñen parte activa no perfilado competencial que se está a realizar entre os demandantes activos de emprego coa ferramenta de intelixencia artificial EMI, coa que se levan perfilado máis de 62.000 persoas
- Esta actuación enmárcase no proceso de potenciación e modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia para facer máis accesibles e máis dinámicos os seus servizos, de maneira que se consolide como un nodo público de empregabilidade

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración apoia con preto de 8,3 M € a contratación de 267 persoas técnicas orientadoras en máis de 80 concellos das catro provincias galegas e en arredor de 40 entidades sen ánimo de lucro para a atención de persoas desempregadas. Así o reflicte un informe sobre a resolución da convocatoria de 2025 destas achegas analizado hoxe no Consello da Xunta.

Estes orientadores prestan asistencia e artellan medidas encamiñadas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego (inscritas no Servizo de Emprego de Galicia). Entre outras funcións, elaboran diagnoses individualizadas sobre o perfil e necesidades dos desempregados, proporcionan información sobre o mercado de traballo e realizan funcións de asesoramento e axuda para a definición do currículo e a aplicación de técnicas de busca activa de emprego.

Ademais, estes orientadores laborais contratados por concellos e entidades sen ánimo de lucro teñen parte activa no perfilado competencial que se está a realizar entre os demandantes activos de emprego a través da ferramenta de intelixencia artificial EMI, galardoada pola Comisión Europea e coa que se leva realizado o perfilado competencial de máis de 62.000 persoas. Concretamente, forman parte dos máis de 400 orientadores que se encargan deste labor clave para casar oferta e demanda laboral en Galicia e seguir contribuíndo a potenciar un mercado laboral galego que roza o máximo histórico de afiliacións e presenta datos mínimos de desemprego.

Os seus contratos terán unha duración dun ano e estes postos fináncianse cunha contía máxima de 31.000 euros por cada persoa técnica en orientación laboral incorporada a tempo completo e con 32.000 euros cando o contrato se desenvolva nunha entidade sen ánimo de lucro especializada na atención á discapacidade e/ou a persoas en risco de exclusión.

Modernización e potenciación do SPEG

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O fortalecemento da rede de orientación laboral da Xunta enmárcase no proceso de modernización e potenciación que o Goberno galego está a acometer no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para facer máis accesibles e máis dinámicos os seus servizos, de maneira que se consolide como un nodo público de empregabilidade. Deste xeito búscase mellorar a empregabilidade de galegas e galegos, mediante a mellora da cualificación profesional ao longo da vida, a través dunha formación flexible e adaptada ás necesidades do mercado e cunha orientación e asesoramento personalizados.

Neste proceso tamén se encadra a potenciación do software EMI, que permite axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público, dando resposta así ao reto da cobertura de vacantes. Outras accións son as obras de renovación nas oficinas de emprego en diferentes puntos de Galicia, a incorporación de novos caixeiros nas oficinas para a renovación das demandas de emprego, petición de cita previa ou outras xestións, co obxectivo de axilizar trámites, así como Plan de formación permanente do persoal do SPEG, que contribúe á mellora das competencias e habilidades dos seus empregados.

Ademais, este ano nos servizos de orientación empezaron a realizarse sesións grupais directamente con empresas, de modo que estas poden informar sobre as súas necesidades de persoal, posibilidades de carreira profesional na empresa e perfís requiridos aos demandantes de emprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN CAMIÑA RURAL INCLUIRÁ PRETO DE 630 ACTUACIÓNS EN MÁIS DE 500 QUILÓMETROS DE VÍAS MUNICIPAIS ESTE 2025 E EN 2026

- A través deste programa, que financia actuacións de mellora e mantemento dos camiños municipais que dan acceso a parcelas agrícolas, concedéronse axudas por valor de máis de 18,37 millóns de euros de fondos propios
- Son beneficiarios 299 concellos de Galicia, todos os que o solicitaron e cumprían cos requisitos
- Desde o ano 2016 destináronse máis de 167 millóns de euros a este concepto, o que permitiu actuar en 6.668 camiños municipais, totalizando unha lonxitude de 5.257 quilómetros de vías

O Consello da Xunta avaliou a execución do Plan Camiña Rural -antigo Plan Marco- para as anualidades 2025-2026, no cal se concederon axudas por valor de máis de 18,37 millóns de euros de fondos propios, o que implica que se mobilizou máis do 94 % do orzado. A resolución desta convocatoria permitirá levar a cabo 626 actuacións en case 513 quilómetros de vías municipais.

Este programa ten como obxectivo financiar as actuacións de mellora ou mantemento dos camiños municipais que dan acceso en calquera punto do seu trazado a polo menos dúas parcelas agrícolas. Por provincias, 189 das actuacións correspóndense coa Coruña; 174 son en Lugo; 167 en Ourense e as 96 restantes, en Pontevedra. A distribución de quilómetros de mellora de camiños é de 184,54 km en Lugo; 141,65 na Coruña; 135,23 en Ourense e 56,36, en Pontevedra.

Os beneficiarios destas achegas son os 299 concellos de Galicia que presentaron solicitude e que cumpriron cos dous requisitos principais. Isto é, ter remitidas ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude e estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á débeda coa Administración pública de Galicia. De feito, só un dos concellos solicitantes non cumpría con estes requisitos, polo que o Plan Camiña Rural chegou case ao 100 % dos solicitantes.

Son subvencionables as actuacións de ampliación, que supoñan un incremento da lonxitude dos camiños, que incidan na seguranza viaria e permitan o cruzamento de vehículos; de mellora, para reforzar o firme existente coa incorporación de novas capas e a adecuación de obras de paso de cursos fluviais, e de mantemento do firme e as súas marxes.

As infraestruturas viarias son de vital importancia para as contornas rurais, xa que xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo nestas zonas. Os camiños rurais facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio, reforzan o tecido social e contribúen a mellorar a capacidade organizativa e contribúen a fixar poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis de 6.000 camiños e 4.700 quilómetros

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, convoca anualmente estas achegas de xeito ininterrompido desde o ano 2013. Desde 2016 destináronse máis de 167 millóns de euros a este concepto, o que permitiu actuar en 6.042 camiños municipais, totalizando unha lonxitude de 4.744 quilómetros de vías rurais melloradas.

Cómpre resaltar que, con respecto á resolución relativa á última convocatoria do Plan Marco (2024-2025), incrementáronse tanto o número de actuacións como de quilómetros, pasando de 583 a 626 e de 460 a case 513, respectivamente.